

**ESTRUTURA
EMPRESARIAL E
POLÍTICA INDUSTRIAL**

2

María Bastida Domínguez

Profesora contratada doutora no Departamento de Organización de Empresas e Comercialización na Universidade de Santiago de Compostela

Santiago Lago Peñas

Catedrático de Economía e director do grupo de investigación GEN da Universidade e Vigo

Alberto Vaquero García

Profesor titular de Economía Aplicada e membro do grupo de investigación GEN da Universidade e Vigo

Índice capítulo 2

ESTRUTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL.....	3
2.1. Introducción.....	3
2.2. Estrutura e dinámica empresarial galega.....	3
2.3. Análise de enquisas industriais	36
2.3.1. Estatística estrutural de empresas do sector industrial.....	37
2.3.2. Estatística estrutural de empresas do sector comercio	40
2.3.3. Estatística estrutural de empresas do sector servizos	42
2.3.4. Indicadores conxunturais: Índice de cifra de negocios, da produción e de prezos ..	50
2.4. Investigación científica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación (I + D + I).....	54
2.5. Innovación tecnolóxica nas empresas.....	68

Capítulo 2. ESTRUCTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL

2.1. Introducción

Este capítulo sintetiza os principais datos microeconómicos de Galicia mediante a análise estrutural e conxuntural do seu tecido produtivo e empresarial e das principais políticas que propoñen as Administracións públicas para o seu desenvolvemento.

A primeira parte céntrase na estrutura empresarial existente, prestando especial atención á súa evolución máis recente. Revisaranse os principais datos descritivos das empresas (como tamaño, distribución, sector de actividade ou persoas empregadas) e a súa estrutura societaria. A partir desta análise, obterase unha visión xenérica da xeografía empresarial galega, que é completada coa comparación con outros ámbitos autonómicos ou estatais. Na elaboración deste apartado utilízanse datos obtidos principalmente de tres fontes: o Directorio Central de Empresas (DIRCE) do Instituto Nacional de Estatística (INE); os proporcionados polas bases do Instituto Galego de Estatística (IGE), e os incluídos no Rexistro Mercantil.

A continuación, adóptase un enfoque sectorial a través das enquisas estruturais do INE, correspondentes a tres sectores básicos de actividade económica (industrial, comercial e de servizos). A comparación dos datos galegos cos do resto das CC.AA. permite estimar a evolución recente da economía de Galicia no conxunto do Estado.

O capítulo remata coa revisión dos principais indicadores das enquisas de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D), de innovación tecnolóxica e alta tecnoloxía.

2.2. Estructura e dinámica empresarial galega

O primeiro paso na análise da estrutura empresarial na comunidade galega pasa por revisar o número de empresas en Galicia, tanto dende unha perspectiva estática -que ofrece a situación nun momento concreto- coma dinámica, de tipo evolutivo. Para a dita análise estúdanse as empresas atendendo a diferentes clasificacións -sectores de actividade, número de persoas asalariadas, ou condición xurídica baixo a cal son constituídas- co obxectivo de achegar unha visión completa e próxima á realidade. A estes efectos, debe precisarse que as fontes estatísticas distinguen dúas entidades diferentes, a empresa e a unidade local. Enténdese como empresa a unidade organizativa de produción de bens e servizos que exerce actividade nun ou varios lugares; e como unidade local unha empresa (ou parte dela) situada nunha localización xeográfica concreta onde se exercen actividades económicas. Para as

análises incluídas neste capítulo utilizarase de forma preferente o número de empresas, incluíndo as unidades locais naqueles casos nos que acheguen información substancial.

Este epígrafe utiliza información procedente do DIRCE, segundo a explotación proporcionada polo INE. O DIRCE ofrece diferentes datos estatísticos de empresas combinados con datos da Seguridade Social, os procedentes das retencións do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), o imposto de actividades económicas (IAE) e os de Rexistro Mercantil, someténdoo a unha serie de tratamentos de depuración, harmonización e integración co obxecto de obter maior fiabilidade. Os datos refírense á situación a día 1 de xaneiro de cada ano e non inclúen as empresas dos sectores agrario e pesqueiro nin os servizos administrativos das Administracións públicas (aínda que si as empresas públicas). O cadro 2.1a resume estes datos:

Cadro 2.1a

Empresas activas, por sector económico e comunidade autónoma. 2019

	Total	Industria	Construción	Comercio	Resto de servizos
A Ríoxa	22.669	2.286	2.810	5.020	12.553
Andalucía	518.532	28.866	56.664	134.033	298.969
Aragón	91.114	6.666	12.368	18.725	53.355
Asturias	68.661	3.561	8.430	14.480	42.190
Baleares	98.712	4.893	17.331	16.386	60.102
C. Valenciana	363.428	24.945	45.060	85.531	207.892
Canarias	151.661	5.747	17.250	33.657	95.007
Cantabria	38.702	2.081	5.649	8.012	22.960
Castela- A Mancha	128.106	11.443	19.803	32.546	64.314
Castela e León	161.407	11.676	23.774	37.475	88.482
Cataluña	620.031	36.126	76.072	124.089	383.744
Ceuta e Melilla	9.093	199	667	3.576	4.651
Estremadura	67.687	4.940	8.771	19.385	34.591
Galicia	200.972	12.570	29.686	47.484	111.232
Madrid	540.544	21.227	59.702	95.074	364.541
Murcia	95.456	7.095	12.649	25.066	50.646
Navarra	44.224	3.829	6.213	9.366	24.816
Pais Vasco	142.198	10.926	19.451	31.452	80.369
España	3.363.197	199.076	422.350	741.357	2.000.414

Fonte: INE, DIRCE.

O número de empresas activas en España a 1 de xaneiro de 2019 é de 3.363.197. Isto supón 25.551 empresas máis das que figuraban como activas á mesma data o ano precedente, o que significa un incremento do 0,77 %, lixeiramente inferior ao rexistrado no período 2017-2018 (1,76 %). A súa distribución revela un claro predominio do sector

servizos (81,52 % en conxunto) fronte ao de construción (12,56 %) ou industrial (5,92 %), unha participación relativa similar á rexistrada en anos precedentes. En particular, a comparación coa distribución por sectores existente en 2018 pon de manifesto un lixeiro incremento da concentración de empresas pertencentes ao sector da construción e ao de servizos (0,20 e 0,1 puntos porcentuais, respectivamente) a costa das industriais, cuxa participación relativa diminúe en case 0,3 puntos porcentuais. Cabe sinalar que este sector, o industrial, foi o que presentou un maior dinamismo no bienio 2017-2018, onde a súa participación aumentou nun 4 %.


De xeito semellante a anos anteriores, o 60,73 % das empresas concéntranse en catro comunidades autónomas, encabezadas por Cataluña (18,44 %). A continuación figuran Madrid (16,07 %), Andalucía (15,42 %) e a Comunidade Valenciana (10,81 %). Da análise desta relativa concentración dende o ano 2017 pódese constatar que a participación das empresas deste grupo de comunidades no conxunto total de empresas en España aumenta lenta pero progresivamente (60,53 % e 60,61 % para 2017 e 2018, respectivamente). A comunidade galega, pola súa banda, continúa na quinta posición en canto ao peso relativo das súas empresas no conxunto do Estado, con 200.972 empresas en 2019 (un 5,98 % do total). A distribución destas empresas por sectores industriais é similar á previamente comentada para o global de empresas españolas, cun claro predominio do sector servizos (78,97 %) fronte ao industrial (6,25 %) ou o das empresas da construción (14,77 %). Polo tanto, a concentración relativa de empresas galegas nestes dous últimos sectores é lixeiramente superior á media estatal, fronte a unha menor presenza das empresas do sector servizos (en particular, as englobadas no “resto de servizos”, cunha participación catro puntos porcentuais inferior á media do Estado).

A comparación dos datos globais de novas empresas inscritas en 2018 (55.300 máis que en 2017) e 2019 (25.551 máis que o ano anterior) suxire un panorama de certa desaceleración, aínda no marco de creación de empresas. A análise da evolución do número de empresas en cada unha das CC.AA. entre 2018 e 2019 confirma este menor dinamismo fronte ao acontecido no bienio precedente, cando o número de empresas creceu en todas as CC.AA. O gráfico 2.1 amosa as variacións relativas do número de empresas en cada comunidade no período 2018-2019, encabezadas polas rexistradas en Ceuta e Melilla, que aumentan un 5,94 %. Neste bienio, sete comunidades autónomas -A Rioxa, o País Vasco, Aragón, Castela e León, Navarra, Murcia e Asturias- entran en taxas interanuais negativas, sendo o número de empresas inscritas en 2019 inferior ao referido o ano anterior. Galicia é a primeira das comunidades que rexistra datos positivos, aínda que por debaixo da media estatal (un incremento do 0,09 %,

fronte a media de 0,77 % no global de empresas españolas). Ademais, se en 2018 era a sétima comunidade con menor creación de empresas, en 2019 retrocede ata o posto undécimo.

Gráfico 2.1

Variación relativa do número de empresas rexistradas por CC.AA. 2018-2019




Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

Neste marco xeral de redución obsérvase unha caída xeneralizada da nova creación de empresas industriais, que no conxunto do Estado acada o 3,7 %. Esta diminución alcanza as empresas deste sector en todas as CC.AA, agás as cidades autónomas, Canarias e Baleares. Tamén reducen o seu número as empresas de comercio, aínda que máis levemente (unha caída inferior ao 1 % en media estatal). Estas diminucións vense parcialmente compensadas polo incremento das empresas de construción (2,4 %) e as pertencentes ao sector de “resto de servizos” (1,5 % de incremento medio estatal). As empresas da comunidade galega seguen esta tendencia de comportamento, retrocedendo as empresas industriais nun 3,1 % e as empresas de servizos -sector comercio- nun 1,2 %. As organizacións enmarcadas no sector de “resto de servizos”, pola súa banda, aumentan na mesma contía que a media do Estado (1,1 %), mentres que o número de empresas galegas no sector da construción permanece inalterado en relación co ano precedente.

A evolución da taxa de variación anual do número de empresas rexistradas en Galicia e España (gráfico 2.2) confirma a tendencia de similitude de comportamento asentada en

anos precedentes, sendo coincidentes as fases de crecemento e decrecemento en ambos os contextos. Como se pode observar no gráfico 2.2, hai unha primeira fase de variacións positivas (2003-2008), seguida dunha segunda con decrecementos continuos no número de empresas, coincidente co período de crise económica (2009-2013). A partir de 2014, as taxas de variación anual tornan a valores positivos, cun forte crecemento entre 2014 e 2015 (2,17 % e 2,01 % en España e Galicia, respectivamente) que se ralentiza ata o bienio 2017-2018. Porén, confirmando o anteriormente exposto, o pulo producido neste período parece perder forza na recente evolución 2018-2019, onde os incrementos son inferiores ao 1 %. Así mesmo, a evolución permite confirmar o menor dinamismo da comunidade galega en relación coa media estatal, sendo a fenda entre as taxas de variación anual do número de empresas de 0,68 puntos porcentuais en 2019 (seis centésimas menos que o ano precedente).

Gráfico 2.2



Elaboración propia con datos do INE.

A información anterior pódese completar cos datos proporcionados polo IGE sobre as empresas con actividade en Galicia, que ademais das empresas inclúen as unidades locais e as organizacións do sector primario (cadro 2.1b). Neste caso, obsérvase un crecemento lixeiramente superior ao anteriormente referido (0,80 %), con certo maior dinamismo que o ano precedente, onde a variación do número total de empresas foi negativa. En particular, parece interromperse a tendencia de diminución das unidades do sector primario, que despois de dous anos consecutivos en valores negativos encabeza a creación de empresas no último dato dispoñible. En concordancia co anteriormente exposto, tamén aumenta o número de empresas de servizos, fronte a unha leve desaceleración dos sectores industrial e de construción.

Cadro 2.1b

Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009)

	Nº empresas				Nº empresas		
	2015	2016	2017	2018	2015-2016	2016-2017	2017-2018
1 Agricultura e pesca	43.193	42.195	40.616	41.233	-2,31%	-3,74%	1,52%
2 Industria, incluída a enerxía	14.844	14.749	14.766	14.712	-0,64%	0,12%	-0,37%
3 Construción	31.821	31.854	31.609	31.350	0,10%	-0,77%	-0,82%
4 Servizos	155.559	157.492	158.667	160.336	1,24%	0,75%	1,05%
Total	245.417	246.290	245.658	247.631	0,36%	-0,26%	0,80%

Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

As empresas galegas seguen perdendo peso relativo no conxunto de empresas do Estado, unha tendencia que se iniciou en 2014. Como se pode constatar no cadro 2.2a, esta participación sitúase ao redor do 6 %, presentando unha lixeira e constante diminución no último quinquenio.

Cadro 2.2a

Evolución do número total de empresas. Galicia/España. 2004-2019

Ano	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Galicia	180.977	185.722	191.642	200.020	203.374	201.263	198.874	196.535
España	2.942.583	3.064.129	3.174.393	3.336.657	3.422.239	3.355.830	3.291.263	3.250.576
%	6,15	6,06	6,04	5,99	5,94	6,00	6,04	6,05
Ano	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Galicia	194.511	192.998	191.745	195.595	197.538	198.923	200.801	200.972
España	3.199.617	3.146.570	3.119.310	3.186.878	3.236.582	3.282.346	3.337.646	3.363.197
%	6,08	6,13	6,15	6,14	6,10	6,06	6,02	5,98

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

A taxa de crecemento medio acumulado do número de empresas en Galicia e España (cadro 2.2b) confirma esta relativa perda de protagonismo das empresas da comunidade galega, acompañada cun maior crecemento no marco estatal. No período de crise económica o ritmo de creación de empresas decrece en España algo máis que en Galicia (1,60 % anual fronte ao 1,04 %), a partir de 2014 o número de empresas galegas aumentan a unha media inferior ao 1 % anual, mentres que no conxunto do Estado este ritmo acada o 1,52 % por ano.

Cadro 2.2b

TCA do número total de empresas

Período	2009-2013	2014-2019	2004-2019
Galicia	-1,04	0,94	1,05
España	-1,60	1,52	1,35

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

O cadro 2.3a completa esta información, ampliando o marco temporal de análise e engadindo a distribución xeográfica das empresas en Galicia nas súas provincias. Del tráanse varias conclusións de interese:

- A participación das empresas galegas no total de empresas españolas rexistradas no DIRCE acada en 2019 o seu valor mínimo, igualando practicamente a do bienio 2007-2008. Con todo, esta participación é relativamente estable en toda a serie observada, ao redor do 6 %, aínda que se detecta un descenso leve e progresivo dende 2014.
- A distribución de empresas por provincias é claramente asimétrica entre as provincias atlánticas e as interiores: A Coruña e Pontevedra achegan sete de cada dez empresas galegas e, en correspondencia, son as provincias cunha maior presenza no conxunto estatal. Este reparto é particularmente estable dende 2015. Porén, a análise sobre valores absolutos deste período revela un certo maior dinamismo da provincia pontevedresa. Así, en 2019 Galicia ten 5.377 máis en 2019 que as que tiña en 2015. Destas empresas, o 49 % creáronse en Pontevedra (2.613), fronte ao 35 % localizado na provincia coruñesa (35 %). En correspondencia, Lugo e Ourense achegan o 16 % restante destas novas empresas, reforzando a asimetría previamente apuntada. O estancamento da provincia ourensá é particularmente notable, con tan só 175 empresas novas no último quinquenio (3 % do total).
- A evolución no ano 2019 ven reforzar tanto o protagonismo da provincia pontevedresa coma a relativa concentración das empresas galegas no eixo atlántico. Así, A Coruña rexistra 3 empresas máis neste ano, mentres que en Pontevedra esta cantidade ascende a 261. Lugo, pola súa banda, rexistra 32 empresas máis, mentres que a provincia de Ourense continua en dinámica negativa, rexistrando unha perda de 125 empresas en relación coas rexistradas en 2018.
- A análise da evolución global do período (1995-2018) reforza estas tendencias anticipadas. En cómputo global, as empresas galegas aumentan un 36,4 % nestes anos, fronte ao 46,1 % de aumento no número de empresas a nivel estatal. As empresas da provincia coruñesa presentan un aumento similar á media galega (35,2 %), sensiblemente inferior ao rexistrado polas empresas pontevedresas que superan incluso a media estatal (48,4 %). Lugo e Ourense, pola súa banda, presentan crecementos moi inferiores, dun 26 % e 21,4 %, respectivamente, que os sitúan moi por debaixo destes valores medios.

Cadro 2.3a

Distribución das empresas por provincias. Galicia/España. 1995-2019

	Nº empresas						Peso relativo provincias/España				Peso relativo Galicia/España
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
1995	61.647	19.678	19.085	46.980	147.390	2.301.559	2,7%	0,9%	0,8%	2,0%	6,40%
1996	63.865	20.254	19.779	48.597	152.495	2.384.711	2,7%	0,8%	0,8%	2,0%	6,39%
1997	64.946	20.545	20.076	49.494	155.061	2.438.830	2,7%	0,8%	0,8%	2,0%	6,36%
1998	66.313	20.945	20.370	50.955	158.583	2.474.690	2,7%	0,8%	0,8%	2,1%	6,41%
1999	63.167	21.267	20.598	52.013	157.045	2.518.801	2,5%	0,8%	0,8%	2,1%	6,23%
2000	69.381	21.825	20.959	53.907	166.072	2.595.392	2,7%	0,8%	0,8%	2,1%	6,40%
2001	70.021	21.865	21.136	54.710	167.732	2.645.317	2,6%	0,8%	0,8%	2,1%	6,34%
2002	66.276	21.942	21.215	56.293	165.726	2.710.400	2,4%	0,8%	0,8%	2,1%	6,11%
2003	71.748	22.396	21.560	58.373	174.077	2.813.159	2,6%	0,8%	0,8%	2,1%	6,19%
2004	74.809	22.479	22.118	61.571	180.977	2.942.583	2,5%	0,8%	0,8%	2,1%	6,15%
2005	77.023	23.122	22.452	63.125	185.722	3.064.129	2,5%	0,8%	0,7%	2,1%	6,06%
2006	79.170	23.780	22.843	65.849	191.642	3.174.393	2,5%	0,7%	0,7%	2,1%	6,04%
2007	82.873	24.609	23.520	69.018	200.020	3.336.657	2,5%	0,7%	0,7%	2,1%	5,99%
2008	84.220	25.035	23.711	70.408	203.374	3.422.239	2,5%	0,7%	0,7%	2,1%	5,94%
2009	83.748	24.861	23.304	69.350	201.263	3.355.830	2,5%	0,7%	0,7%	2,1%	6,00%
2010	82.729	24.714	23.100	68.331	198.874	3.291.263	2,5%	0,8%	0,7%	2,1%	6,04%
2011	81.321	24.499	22.987	67.728	196.535	3.250.576	2,5%	0,8%	0,7%	2,1%	6,05%
2012	80.408	24.288	22.845	66.970	194.511	3.199.617	2,5%	0,8%	0,7%	2,1%	6,08%
2013	80.215	24.022	22.694	66.067	192.998	3.146.570	2,5%	0,8%	0,7%	2,1%	6,13%
2014	79.854	23.703	22.663	65.525	191.745	3.119.310	2,6%	0,8%	0,7%	2,1%	6,15%
2015	81.432	24.087	22.991	67.085	195.595	3.186.878	2,6%	0,8%	0,7%	2,1%	6,14%
2016	82.156	24.353	23.061	67.968	197.538	3.236.582	2,5%	0,8%	0,7%	2,1%	6,10%
2017	82.403	24.549	23.140	68.831	198.923	3.282.346	2,5%	0,7%	0,7%	2,1%	6,06%
2018	83.313	24.760	23.291	69.437	200.801	3.337.646	2,5%	0,7%	0,7%	2,1%	6,02%
2019	83.316	24.792	23.166	69.698	200.972	3.363.197	2,5%	0,7%	0,7%	2,1%	5,98%

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

A evolución interanual máis recente das empresas rexistradas anualmente en cada unha das provincias (cadro 2.3b) permite observar dúas etapas claramente diferenciadas: unha, anterior a 2014, con taxas de variación negativas, indicativas dunha diminución progresiva e constante das empresas nas catro provincias galegas que se interrompe nese ano. A partir dese ano, as taxas de variación pasan a ser positivas, moi especialmente en 2015. A evolución entre 2018 e 2019 suxire unha relativa desaceleración no ritmo de creación de empresas en todas as provincias e, en particular, na de Ourense, onde a taxa de variación interanual volve ser negativa.

Cadro 2.3b

Evolución interanual nº empresas. 2009-2019


Ano	Variación anual nº empresas					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
2008	1,63	1,73	0,81	2,01	1,68	2,56
2009	-0,56	-0,70	-1,72	-1,50	-1,04	-1,94
2010	-1,22	-0,59	-0,88	-1,47	-1,19	-1,92
2011	-1,70	-0,87	-0,49	-0,88	-1,18	-1,24
2012	-1,12	-0,86	-0,62	-1,12	-1,03	-1,57
2013	-0,24	-1,10	-0,66	-1,35	-0,78	-1,66
2014	-0,45	-1,33	-0,14	-0,82	-0,65	-0,87
2015	1,98	1,62	1,45	2,38	2,01	2,17
2016	0,89	1,10	0,30	1,32	0,99	1,56
2017	0,30	0,80	0,34	1,27	0,70	1,41
2018	1,10	0,86	0,65	0,88	0,94	1,68
2019	0,00	0,13	-0,54	0,38	0,09	0,77

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

O gráfico 2.3 permite facer unha análise máis polo miúdo destes últimos cinco anos, proporcionando os datos das empresas nas catro provincias galegas. Estes datos poden ser ilustrativos dos diferentes ritmos de recuperación a partir da saída da crise económica. En conxunto, as empresas galegas aumentan nun 4,8 %, tres puntos por debaixo do incremento estatal (7,8 %). Oito de cada dez empresas novas (82,7 %) localízanse nas provincias atlánticas, o que é ilustrativo do seu superior dinamismo. Así, Pontevedra é a que rexistra un maior incremento (6,4 %), seguido de Lugo e A Coruña (4,6 % e 4,3 % respectivamente) e Ourense (2,2 %).

Gráfico 2.3


Número de empresas por provincias. 2014-2019



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

O gráfico 2.4 confirma a estabilidade da asimetría previamente comentada entre as provincias atlánticas e as occidentais: en todo o período de análise (1995-2019) as primeiras achegan máis do 75 % do total de empresas na comunidade.

Gráfico 2.4



A distribución das empresas por sectores económicos (cadro 2.4a) presenta tamén certa estabilidade nos últimos anos, cunha clara maior presenza do sector servizos en concordancia co acaecido en contexto estatal. O peso relativo das empresas industriais, de construción e de comercio é lixeiramente superior na comunidade galega, a costa dunha menor presenza das empresas encadradas no “resto de servizos”. Con todo, o sector servizos -considerado en cómputo global- é o que ten presenza maioritaria tanto en Galicia como en España.

Cadro 2.4a

Distribución das empresas por sectores económicos⁽¹⁾. Galicia/ España. 2008-2019

Sector	2008		2009		2010		2011		2012		2013	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Industria	7,5	7,2	7,5	7,3	7,2	7,0	7,0	6,8	6,9	6,7	6,8	6,6
Construción	15,0	14,6	14,3	13,2	17,1	15,5	16,6	15,0	16,3	14,5	15,6	13,5
Comercio	27,3	24,6	27,2	24,8	26,4	24,2	26,0	24,1	25,9	24,2	26,0	24,3
Resto de servizos	50,2	53,5	51,0	54,8	49,3	53,3	50,4	54,2	50,9	54,6	51,7	55,6
Sector	2014		2015		2016		2017		2018		2019	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Industria	6,6	6,4	6,4	6,2	6,2	6,0	6,3	6,1	6,5	6,2	6,3	5,9
Construción	15,4	13,1	15,2	12,7	15,1	12,6	14,9	12,3	14,8	12,4	14,8	12,6
Comercio	25,8	24,6	25,4	24,0	24,8	23,4	24,4	23,0	23,9	22,4	23,6	22,0
Resto de servizos	52,2	56,2	52,9	57,1	53,8	58,0	54,4	58,7	54,8	59,0	55,3	59,5


(1) En porcentaxe de cada sector sobre o total de empresas.

Fonte: INE, DIRCE.

Esta estabilidade na distribución por sectores produtivos é unha característica no comportamento do tecido económico arraigada nos anos, como amosa o gráfico 2.5. Neste mesmo gráfico obsérvase un incremento progresivo das empresas nese sector global de “resto de servizos”, acompasado cunha lixeira diminución das empresas comerciais. As empresas industriais e de construción, pola súa banda, presentan un marco de comportamento máis estable.

Gráfico 2.5


Peso relativo das empresas nos sectores económicos. Galicia. 2007-2019



Elaboración propia con datos do INE.

A análise desta distribución empresarial por sectores ao longo dos últimos anos (gráfico 2.6) permite realizar a comparación do acontecido na comunidade galega coa media estatal. Como se pode observar, a estrutura empresarial transfórmase lentamente na mesma dirección: perda de empresas industriais, construción e comercio, e incremento progresivo das empresas no sector de “resto de servizos”. Como característica diferencial, na comunidade galega obsérvase estabilidade no número de empresas de construción, que pola contra diminúen a súa participación no conxunto do Estado en 2 puntos no transcurso dos doce anos considerados. Tendo en conta que o incremento das empresas de servizos é similar en Galicia e España -aproximadamente 7 puntos porcentuais-, a perda relativa de empresas dos sectores industrial e de comercio é superior na comunidade galega, particularmente neste segundo caso (5 puntos porcentuais en Galicia fronte a 3 en media estatal).

Gráfico 2.6



O cadro 2.4b presenta os datos rexistrados no IGE sobre as empresas con actividade económica en Galicia distribuída por provincias, para o período 2014-2018. Como se dixo previamente, esta información inclúe as explotacións do sector primario. Confirmando as características avanzadas, as empresas de servizos son as que presentan un maior crecemento, seguido das incluídas no sector primario, compensando a caída experimentada polas empresas industriais e de construción. Este comportamento é común ás catro provincias galegas, coas diferencias lóxicas inherentes ao tamaño do tecido empresarial en cada unha delas.

A diferenza do comentado anteriormente, ao poñer o foco nas empresas con actividade en Galicia e engadir o sector primario, a provincia lucense é a que experimenta relativamente un maior incremento no número de empresas, vinculado co aumento das vinculadas co sector primario (3,7 %). No resto das provincias galegas, os maiores incrementos rexístranse no sector servizos. A caída de empresas industriais e de construción, común ás catro provincias, é máis notable en Ourense. Esta provincia, precisamente, é a que reflicte un menor cambio de estrutura empresarial nestes cinco anos, cun incremento neto de 124 empresas.

Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia 2019

Cadro 2.4b

Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009). 2014-2018															
		A Coruña						Lugo							
		2014	2015	2016	2017	2018	ABS	REL	2014	2015	2016	2017	2018	ABS	REL
TOTAL EMPRESAS	Total	100.168	100.761	101.083	100.667	101.520	853	0,85%	37.597	37.551	37.337	36.904	37.405	501	1,36%
	Agric ultura e pesca	16.759	16.274	15.934	15.382	15.558	176	1,14%	12.835	12.508	12.070	11.493	11.917	424	3,69%
	Industria, incluída a enerxía	5.865	5.792	5.717	5.700	5.695	-5	-0,09%	1.910	1.903	1.873	1.878	1.865	-13	-0,69%
	Construción	12.994	13.104	13.162	12.947	12.849	-98	-0,76%	4.095	4.129	4.124	4.141	4.136	-5	-0,12%
	Servizos	64.550	65.591	66.270	66.638	67.418	780	1,17%	18.757	19.011	19.270	19.392	19.487	95	0,49%
		Ourense						Pontevedra							
		2014	2015	2016	2017	2018	ABS	REL	2014	2015	2016	2017	2018	ABS	REL
TOTAL EMPRESAS	Total	27.009	27.205	27.106	26.996	27.120	124	0,46%	78.638	79.900	80.764	81.091	81.586	495	0,61%
	Agric ultura e pesca	3.666	3.556	3.424	3.254	3.269	15	0,46%	10.919	10.855	10.767	10.487	10.489	2	0,02%
	Industria, incluída a enerxía	2.150	2.131	2.109	2.112	2.088	-24	-1,14%	4.997	5.018	5.050	5.076	5.064	-12	-0,24%
	Construción	4.293	4.256	4.243	4.226	4.180	-46	-1,09%	10.122	10.332	10.325	10.295	10.185	-110	-1,07%
	Servizos	16.900	17.262	17.330	17.404	17.583	179	1,03%	52.600	53.695	54.622	55.233	55.848	615	1,11%
		Galicia													
		2014	2015	2016	2017	2018	ABS	REL							
TOTAL EMPRESAS	Total	243.412	245.417	246.290	245.658	247.631	1.973	0,80%							
	Agric ultura e pesca	44.179	43.193	42.195	40.616	41.233	617	1,52%							
	Industria, incluída a enerxía	14.922	14.844	14.749	14.766	14.712	-54	-0,37%							
	Construción	31.504	31.821	31.854	31.609	31.350	-259	-0,82%							
	Servizos	152.807	155.559	157.492	158.667	160.336	1.669	1,05%							

Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

A análise das variacións producidas entre 2014 e 2018, con detalle anual, permiten constatar que a evolución producida no ano 2018 marca un fito diferencial en relación con anos precedentes -e en particular, co ano 2017-, explicando a variación global do período e determinando valores próximos aos máximos da serie observada.

Cadro 2.4c

Evolución nº empresas por provincia. 2014-2018

	Nº EMPRESAS				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
2014	100.168	37.597	27.009	78.638	243.412
2015	100.761	37.551	27.205	79.900	245.417
2016	101.083	37.337	27.106	80.764	246.290
2017	100.667	36.904	26.996	81.091	245.658
2018	101.520	37.405	27.120	81.586	247.631
Variación absoluta					
14-15	593	-46	196	1262	2005
16-15	322	-214	-99	864	873
16-17	-416	-433	-110	327	-632
17-18	853	501	124	495	1973
Variación relativa					
14-15	0,59%	-0,12%	0,73%	1,60%	0,82%
16-15	0,32%	-0,57%	-0,36%	1,08%	0,36%
16-17	-0,41%	-1,16%	-0,41%	0,40%	-0,26%
17-18	0,85%	1,36%	0,46%	0,61%	0,80%

Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

Os datos de rexistro provincial de empresas no DIRCE ofrecen unha imaxe simplificada pero ilustrativa do acaecido nos últimos anos. Así, apreciase claramente a incidencia da crise económica na creación de empresas, en taxas negativas entre 2009 e 2014. Neste

contexto, a partir deste ano as cifras son particularmente positivas na provincia pontevedresa, seguidas da Coruña. A evolución do ano 2019 reforza esta tendencia de menor dinamismo, destacando a caída experimentada polas empresas ourensás, que pasan a valores negativos ao longo deste ano.

Gráfico 2.7

Taxa de crecemento Interanual do nº de empresas por provincia. 2008-2019



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

A continuación, pasamos a analizar as empresas galegas segundo a forma xurídica na que son constituídas, baseadas na información extraída do Rexistro Mercantil. Confirmando as tendencias de anos anteriores, das 200.972 empresas rexistradas en Galicia en 2019 a maioría (o 57,59 %, case 116.000 empresas) están constituídas como persoa física, unha cantidade lixeiramente superior á do ano anterior (56,77%) e que confirma unha tendencia crecente neste sentido. Igualmente, e tamén en consonancia co acaecido nos últimos anos, o 76,15 % das empresas inscritas como persoa xurídica o son baixo a figura de responsabilidade limitada. Estes datos son coherentes cos obtidos en media estatal, onde tamén predominan as entidades constituídas como persoa física (54,95 %, tres puntos inferior á media galega) e as sociedades de responsabilidade limitada entre as empresas inscritas como persoa xurídica (76,18 % do total de persoas xurídicas rexistradas en 2019, participación coincidente coa resultante en Galicia).

Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia 2019

Cadro 2.5

Empresas segundo condición xurídica, por provincias. Galicia/España. 2015-2019

		Total	Persoas	Persoas	Sociedades					Comunidades	Asociacións	Organismos
		empresas	físicas	xurídicas	Anónimas	Resp. limitada	Colectivas	Comanditarias	Cooperativas	de bens	e outros tipos	autónomos
ESPAÑA	2015	3.186.878	1.626.938	1.559.940	89.392	1.146.131	203	85	20.719	116.045	178.588	8.777
	2016	3.236.582	1.681.838	1.554.744	85.430	1.152.813	179	83	20.571	115.823	171.019	8.826
	2017	3.282.346	1.747.159	1.535.187	81.954	1.162.254	166	83	20.656	115.377	145.834	8.863
	2018	3.337.646	1.786.037	1.551.609	78.866	1.181.391	155	81	20.707	116.119	145.405	8.885
	2019	3.363.197	1.847.996	1.515.201	67.546	1.154.289	137	70	20.830	116.391	147.010	8.928
GALICIA	2015	195.595	106.741	88.854	3.222	65.508	9	4	930	6.385	12.370	426
	2016	197.538	109.345	88.193	3.089	65.431	8	5	920	6.512	11.810	418
	2017	198.923	113.295	85.628	2.937	65.217	7	5	918	6.601	9.529	414
	2018	200.801	114.001	86.800	2.884	66.288	6	5	912	6.708	9.590	407
	2019	200.972	115.737	85.235	2.444	64.903	6	2	917	6.710	9.853	400
A Coruña	2015	81.432	44.624	36.808	1.356	26.358	7	0	374	1.327	7.200	186
	2016	82.156	45.758	36.398	1.297	26.362	6	1	369	1.409	6.769	185
	2017	82.403	47.819	34.584	1.214	26.044	6	1	366	1.635	5.132	186
	2018	83.313	48.112	35.201	1.193	26.618	5	1	367	1.785	5.051	181
	2019	83.316	48.866	34.450	1.013	26.050	5	1	361	1.852	4.989	179
Lugo	2015	24.087	14.069	10.018	240	7.120	0	0	161	1.648	786	63
	2016	24.353	14.319	10.034	233	7.143	0	0	162	1.638	794	64
	2017	24.549	14.649	9.900	222	7.187	0	0	158	1.518	756	59
	2018	24.760	14.721	10.039	226	7.288	0	0	155	1.457	855	58
	2019	24.792	14.788	10.004	187	7.206	0	0	153	1.373	1.027	58
Ourense	2015	22.991	13.236	9.755	376	7.063	0	4	116	421	1.715	60
	2016	23.061	13.432	9.629	369	7.073	0	4	114	436	1.573	60
	2017	23.140	13.851	9.289	355	7.096	0	4	109	454	1.211	60
	2018	23.291	13.844	9.447	352	7.236	0	4	106	458	1.232	59
	2019	23.166	13.820	9.346	297	7.141	0	1	111	479	1.260	57
Pontevedra	2015	67.085	34.812	32.273	1.250	24.967	2	0	279	2.989	2.669	117
	2016	67.968	35.836	32.132	1.190	24.853	2	0	275	3.029	2.674	109
	2017	68.831	36.976	31.855	1.146	24.890	1	0	285	2.994	2.430	109
	2018	69.437	37.324	32.113	1.113	25.146	1	0	284	3.008	2.452	109
	2019	69.698	38.263	31.435	947	24.506	1	0	292	3.006	2.577	106

Fonte: INE, DIRCE.

Estas mesmas características son extensibles as catro provincias galegas. As empresas inscritas en 2019 son maioritariamente rexistradas como persoa física, destacando as localizadas en Lugo e Ourense, que practicamente acadan o 60 % das inscricións. No relacionado coas empresas acollidas a fórmulas de persoa xurídica, destaca a preferencia polas sociedades de responsabilidade limitada en Pontevedra, onde a dita fórmula acada case o 80 % dos rexistros de 2019.


En 2019 obsérvase unha diminución das inscricións de empresas como persoa xurídica, particularmente no relacionado coas sociedades anónimas (440 menos que as inscritas en 2018, un 15,3 % menos). Pola contra, aumentan as sociedades cooperativas e as rexistradas baixo outro tipo de fórmulas. Finalmente, a diferenza do acaecido en España, tamén se observa unha diminución dos organismos autónomos.

A análise das inscricións de empresas segundo a provincia onde esta se produce confirma, unha vez máis, o papel protagonista das provincias atlánticas. Así, A Coruña segue a ser, neste 2019, a provincia onde se constitúen máis sociedades anónimas (1.013), seguida de Pontevedra (947). Estas dúas provincias son, tamén, onde se localiza a maior parte das sociedades cooperativas inscritas en 2019. O 44,8 % das

comunidades de bens localízase en Pontevedra, e o 50,6 % das asociacións na provincia coruñesa.

O gráfico 2.8 resume graficamente esta información, amosando a evolución do número de empresas galegas inscritas no Rexistro Mercantil entre 2018 e 2019. O leve incremento observado nas empresas inscritas vincúlase cun maior número de inscricións como persoas físicas e, en particular, en Pontevedra e A Coruña.

Gráfico 2.8



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

Igualmente, en 2019 mantense a prevalencia de empresas sen persoal asalariado (cadro 2.6), un 54,49 % do total de empresas galegas (algo máis dun punto por debaixo da media estatal). Como se observa nos datos do cadro 2.6, entre 2018 e 2019 aumenta esta categoría de empresas sen persoal asalariado, a costa das contratantes. Ademais, o 64,16 % das empresas teñen entre unha e dúas persoas contratadas, o que reforza a tendencia de creación de pequenas empresas. En conxunto, o 83,67 % das empresas galegas en 2019 ten ningunha ou menos de dúas persoas traballando por conta allea (dúas décimas máis que as referidas en 2018). Con todo, a porcentaxe de empresas galegas con persoal contratado continúa sendo lixeiramente superior á media estatal.

Cadro 2.6

Empresas segundo estrato de persoal asalariado. Provincias/Galicia/España. 2016-2019

		Sen persoal asalariado		Con persoal asalariado				
		Nº	%	Nº	De 1 a 2 (%)	Menos de 10 (%)	Menos de 50 (%)	Máis de 200 (%)
A Coruña	2016	45.671	55,59	36.485	64,43	91,62	98,51	0,32
	2017	46.038	55,87	36.365	63,95	91,48	98,51	0,34
	2018	45.970	55,18	37.343	64,03	91,41	98,53	0,35
	2019	46.387	55,67	36.929	64,09	91,59	98,59	0,30
Lugo	2016	12.781	52,48	11.572	65,12	93,48	99,32	0,09
	2017	13.021	53,04	11.528	65,66	93,42	99,32	0,10
	2018	13.021	53,04	11.672	65,26	93,09	99,26	0,09
	2019	13.219	53,31	11.573	65,23	93,20	99,27	0,12
Ourense	2016	12.404	53,79	10.657	66,85	93,39	99,06	0,16
	2017	12.549	54,23	10.591	66,51	93,00	99,07	0,15
	2018	12.505	53,69	10.786	66,56	92,98	99,10	0,14
	2019	12.543	54,14	10.623	67,01	93,34	99,15	0,15
Pontevedra	2016	35.837	52,73	32.131	63,73	91,76	98,81	0,18
	2017	36.526	53,07	32.305	63,08	91,47	98,74	0,20
	2018	36.817	53,02	32.620	62,83	91,23	98,68	0,19
	2019	37.357	53,59	32.341	62,82	91,21	98,58	0,23
Galicia	2016	106.693	54,01	90.845	64,56	92,12	98,78	0,22
	2017	108.134	54,36	90.789	64,16	91,90	98,76	0,24
	2018	108.380	53,97	92.421	64,06	91,74	98,74	0,23
	2019	109.506	54,49	91.466	64,12	91,86	98,74	0,24
España	2016	1.791.909	55,36	1.444.673	61,99	90,35	98,37	0,36
	2017	1.823.250	55,55	1.459.096	61,28	90,03	98,30	0,38
	2018	1.845.881	55,30	1.491.765	61,05	89,79	98,26	0,39
	2019	1.882.745	55,98	1.480.452	61,13	89,89	98,30	0,40


Fonte: INE, DIRCE.

A análise da evolución destas empresas nos últimos catro anos confirma que esta tendencia apuntada de reducida dimensión está asentada no tempo, como cabería esperar da preferencia de constitución baixo modalidade de persoa física. De feito, a proporción de empresas con máis de 200 persoas traballadoras non varía neste período temporal. A desagregación provincial tampouco amosa diferenzas significativas entre as empresas en función da súa localización, aínda que dos datos se infire que as de maior tamaño están na provincia coruñesa e en Pontevedra. Igualmente, conséntase que o 75,6 % das empresas galegas que teñen persoal contratado localízanse nestas provincias, unha participación constante en relación co ano anterior. En concordancia, infírese que a creación de empresas en 2019 se relaciona con organizacións sen persoal asalariado, como confirman os datos do gráfico 2.9.

Capítulo 2. Estrutura empresarial e política industrial

Gráfico 2.9

Variación relativa anual de empresas por estrato de persoal asalariado. Galicia. 2008-2019



O cadro 2.7a detalla a estrutura empresarial galega en 2018 (último ano dispoñible), diferenciando os sectores de actividade. Estes datos veñen confirmar o reducido tamaño das empresas, particularmente no sector do comercio por xunto e polo miúdo, e no sector primario.

Cadro 2.7a

Empresas e unidades locais segundo estrato de persoal asalariado. Galicia. 2018

	Con persoal asalariado				
	De 0 a 2	Entre 3 e 9	Entre 10 e 49	Entre 50 e 249	250 ou máis
A. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	39.852	1.104	261	16	0
B. Industrias extractivas	174	47	51	3	0
C. Industria manufacturera	9.277	2.542	1.512	346	38
D. Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	381	37	7	5	0
E. Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	194	47	38	11	2
F. Construción	28.060	2.509	709	70	2
G. Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	43.874	6.389	1.428	110	16
H. Transporte e almacenamento	9.705	1.229	563	69	6
I. Hostalaría	15.429	4.507	718	31	3
J. Información e comunicacións	2.410	276	126	27	6
K. Actividades financeiras e de seguros	4.565	231	30	5	2
L. Actividades inmobiliarias	6.825	217	14	2	0
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	20.964	1.613	362	38	4
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	5.493	613	269	59	17
O. Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	17	26	197	155	26
P. Educación	5.806	717	364	76	7
Q. Actividades sanitarias e de servizos sociais	7.052	948	378	94	21
R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	4.438	465	189	27	2
S. Outros servizos	9.753	1.149	171	12	1
Total	214.269	24.666	7.387	1.156	153

Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

A industria manufactureira, pola súa banda, presenta a maior participación de empresas por riba dese número de asalariados. En conxunto, tamén as empresas do grupo “O” (Administración pública e defensa) presentan un tamaño medio superior, con máis de 10 persoas asalariadas. A análise da evolución das empresas e unidades locais entre 2017 e 2018 (cadro 2.7b) confirma o maior dinamismo das empresas con menor tamaño, así como o predominio das empresas da industria manufactureira entre as empresas que teñen maior tamaño.

Cadro 7.b

Empresas e unidades locais segundo estrato de persoal asalariado. Galicia. 2017-2018

	Con persoal asalariado				
	De 0 a 2	Entre 3 e 9	Entre 10 e 49	Entre 50 e 249	250 ou máis
A. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	599	31	-16	3	0
B. Industrias extractivas	-5	-12	9	-2	0
C. Industria manufactureira	-105	-37	78	52	-1
D. Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	7	4	-1	0	0
E. Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	-2	3	-2	0	0
F. Construción	-360	22	68	12	1
G. Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	-749	3	7	25	-1
H. Transporte e almacenamento	48	3	21	17	1
I. Hostalaría	-471	176	52	6	0
J. Información e comunicacións	141	15	19	6	0
K. Actividades financeiras e de seguros	13	15	1	2	0
L. Actividades inmobiliarias	501	17	-4	1	0
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	444	31	17	8	0
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	204	19	1	17	0
O. Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	6	3	-2	23	0
P. Educación	297	31	13	10	0
Q. Actividades sanitarias e de servizos sociais	193	41	22	27	1
R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	277	35	15	-2	1
S. Outros servizos	154	30	0	-2	1
Total	1.192	430	298	203	3

Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

O cadro 2.8 amosa a distribución porcentual das empresas con e sen persoal asalariado en España e Galicia dende 1999, incluíndo o detalle provincial para Galicia. A análise da evolución desta serie en 2019 permite consolidar tendencias previamente destacadas, non producíndose variacións significativas neste ano:

- A porcentaxe de empresas galegas con persoal asalariado volve descender levemente, sendo esta diminución común ás catro provincias galegas.
- A caída de empresas con persoas asalariadas en Galicia é lixeiramente inferior á producida na media do Estado. Por outra banda, aínda que a porcentaxe de empresas sen persoal por conta allea en Galicia é punto e medio inferior á media estatal, a análise da taxa de crecemento medio anual amosa que dende 2014 estas empresas medran en Galicia a un ritmo superior ao rexistrado no conxunto do Estado (1,11 e 0,87, respectivamente). Este ritmo de crecemento é particularmente significativo nas empresas creadas na provincia de Pontevedra.

- En 2019 Lugo e Pontevedra son as provincias que reflicten unha maior variación na participación de empresas con persoal asalariado, superior á media galega.
- Ao igual que o acontecido en 2018, en 2019 todas as provincias galegas presentan incrementos da porcentaxe de empresas con persoal asalariado superiores á media estatal.

Cadro 2.8

% Empresas con e sen persoal asalariado. Galicia e provincias, España. 1999-2019

	España		Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado	
	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen
1999	44,89%	55,11%	46,02%	53,98%	44,94%	55,06%	45,15%	54,85%	42,87%	57,13%	48,94%	51,06%
2000	45,39%	54,61%	46,05%	53,95%	44,05%	55,95%	46,24%	53,76%	43,76%	56,24%	49,46%	50,54%
2001	46,74%	53,26%	47,72%	52,28%	45,61%	54,39%	48,35%	51,65%	45,46%	54,54%	51,03%	48,97%
2002	47,41%	52,59%	49,32%	50,68%	48,11%	51,89%	49,44%	50,56%	46,37%	53,63%	51,79%	48,21%
2003	48,10%	51,90%	49,61%	50,39%	47,58%	52,42%	50,17%	49,83%	47,33%	52,67%	52,72%	47,28%
2004	49,01%	50,99%	50,58%	49,42%	48,21%	51,79%	51,45%	48,55%	48,31%	51,69%	53,97%	46,03%
2005	48,63%	51,37%	50,62%	49,38%	48,20%	51,80%	51,41%	48,59%	48,79%	51,21%	53,95%	46,05%
2006	49,06%	50,94%	50,89%	49,11%	48,63%	51,37%	51,68%	48,32%	49,02%	50,98%	53,97%	46,03%
2007	48,87%	51,13%	50,58%	49,42%	48,28%	51,72%	51,53%	48,47%	48,86%	51,14%	53,59%	46,41%
2008	48,74%	51,26%	50,77%	49,23%	48,57%	51,43%	51,40%	48,60%	48,96%	51,04%	53,78%	46,22%
2009	47,33%	52,67%	49,78%	50,22%	47,45%	52,55%	50,46%	49,54%	48,09%	51,91%	52,91%	47,09%
2010	46,10%	53,90%	48,72%	51,28%	46,54%	53,46%	49,87%	50,13%	47,45%	52,55%	51,37%	48,63%
2011	44,77%	55,23%	47,52%	52,48%	44,86%	55,14%	49,12%	50,88%	47,16%	52,84%	50,26%	49,74%
2012	44,84%	55,16%	47,34%	52,66%	45,09%	54,91%	48,46%	51,54%	46,80%	53,20%	49,83%	50,17%
2013	46,56%	53,44%	48,83%	51,17%	47,00%	53,00%	50,17%	49,83%	48,07%	51,93%	50,82%	49,18%
2014	46,38%	53,62%	48,44%	51,56%	46,64%	53,36%	49,69%	50,31%	47,79%	52,21%	50,40%	49,60%
2015	44,96%	55,04%	46,52%	53,48%	44,88%	55,12%	47,96%	52,04%	46,37%	53,63%	48,05%	51,95%
2016	44,64%	55,36%	45,99%	54,01%	44,41%	55,59%	47,52%	52,48%	46,21%	53,79%	47,27%	52,73%
2017	44,45%	55,55%	45,64%	54,36%	44,13%	55,87%	46,96%	53,04%	45,77%	54,23%	46,93%	53,07%
2018	44,70%	55,30%	46,03%	53,97%	44,82%	55,18%	47,14%	52,86%	46,31%	53,69%	46,98%	53,02%
2019	44,02%	55,98%	45,51%	54,49%	44,32%	55,68%	46,68%	53,32%	45,86%	54,14%	46,40%	53,60%
TCA 1999-2019	-0,10	0,08	-0,06	0,05	-0,07	0,06	0,17	-0,14	0,34	-0,27	-0,27	0,24
TCA 2014-2019	-1,04	0,87	-1,24	1,11	-1,01	0,85	-1,24	1,17	-0,82	0,73	-1,64	1,56

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

A evolución das empresas galegas en 2019, posta en relación coa distribución estatal no que atinxe á segmentación en función dos estratos de persoal asalariado (cadro 2.9) amosa unha perda relativa de importancia das empresas de entre 20 e 49 persoas traballadoras e as de maior tamaño (máis de 5000). Pola contra, aumenta a importancia relativa das empresas cun cadro de persoal de entre 50 e 99 persoas. O resto de segmentos presenta un marco de estabilidade.

Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia 2019

Cadro 2.9

Número de empresas, por estrato de persoal asalariado. Galicia/España. 2016-2019

		Total empresas	Sen persoal asalariado	Con persoal asalariado										
				1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50-99	100-199	200-499	500-999	1.000-4.999	5000 ou máis
2016	Galicia	197.538	106.693	58.647	18.347	6.690	3.844	2.212	620	282	137	25	34	7
	España	3.236.582	1.791.909	895.574	292.403	117.293	75.022	40.895	12.020	6.243	3.489	951	674	109
	Galicia/España	6,10%	5,95%	6,55%	6,27%	5,70%	5,12%	5,41%	5,16%	4,52%	3,93%	2,63%	5,04%	6,42%
2017	Galicia	198.923	108.134	58.247	18.334	6.853	3.962	2.267	616	293	150	30	29	8
	España	3.282.346	1.823.250	894.179	298.744	120.696	77.632	43.079	12.540	6.674	3.756	969	709	118
	Galicia/España	6,06%	5,93%	6,51%	6,14%	5,68%	5,10%	5,26%	4,91%	4,39%	3,99%	3,10%	4,09%	6,78%
2018	Galicia	200.801	108.380	59.204	18.577	7.008	4.139	2.331	651	296	143	36	27	9
	España	3.337.646	1.845.881	910.686	303.574	125.173	80.860	45.485	13.116	7.033	3.925	1.044	750	119
	Galicia/España	6,02%	5,87%	6,50%	6,12%	5,60%	5,12%	5,12%	4,96%	4,21%	3,64%	3,45%	3,60%	7,56%
2019	Galicia	200.972	109.506	58.651	18.445	6.925	4.077	2.213	646	293	138	35	33	10
	España	3.363.197	1.882.745	905.013	302.375	123.424	79.393	45.082	12.625	6.658	3.789	1.083	842	168
	Galicia/España	5,98%	5,82%	6,48%	6,10%	5,61%	5,14%	4,91%	5,12%	4,40%	3,64%	3,23%	3,92%	5,95%

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

Os datos do cadro 2.10, que amplían o período de anos considerado, confirman esta tendencia de estabilidade.

Cadro 2.10

Porcentaxe de empresas por estrato de persoal asalariado⁽¹⁾. Galicia/España. 2000-2019

	Galicia						España					
	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis
2000	59,5	21,1	8,7	6,1	3,4	1,2	56,6	20,9	9,2	7,2	4,2	1,9
2001	59,3	20,9	9,3	6,0	3,2	1,3	56,0	21,0	10,2	7,0	3,9	1,9
2002	59,0	21,1	9,3	6,0	3,3	1,3	55,8	21,1	10,2	7,0	3,9	1,7
2003	59,8	20,8	9,0	5,9	3,2	1,3	56,2	21,1	10,1	6,9	3,8	1,9
2004	59,9	21,1	8,9	5,8	3,1	1,2	56,7	21,1	9,9	6,8	3,7	1,8
2005	60,1	20,8	8,9	5,7	3,2	1,3	57,1	20,9	9,8	6,7	3,8	1,8
2006	60,0	20,9	8,9	5,7	3,2	1,3	56,6	21,1	9,9	6,8	3,8	1,8
2007	60,1	20,9	8,9	5,7	3,1	1,4	57,2	20,9	9,7	6,7	3,7	1,8
2008	60,0	20,8	8,9	5,7	3,2	1,4	57,5	20,7	9,6	6,6	3,7	1,8
2009	59,8	21,3	9,0	5,5	3,1	1,4	57,9	20,9	9,5	6,4	3,5	1,8
2010	60,6	21,1	8,9	5,1	2,9	1,3	58,9	21,0	9,4	5,8	3,2	1,7
2011	60,0	21,8	8,9	5,2	2,8	1,3	58,3	21,5	9,5	5,8	3,2	1,7
2012	62,4	20,3	8,6	4,8	2,6	1,3	60,5	20,1	9,2	5,5	3,0	1,7
2013	65,1	19,2	7,9	4,4	2,3	1,2	63,0	19,2	8,5	5,1	2,7	1,6
2014	66,1	19,3	7,0	4,1	2,3	1,2	63,7	19,7	7,7	4,9	2,6	1,5
2015	65,4	19,8	7,1	4,2	2,3	1,1	62,8	20,1	7,9	5,0	2,7	1,6
2016	64,6	20,2	7,4	4,2	2,4	1,2	62,0	20,2	8,1	5,2	2,8	1,6
2017	64,2	20,2	7,5	4,4	2,5	1,2	61,3	20,5	8,3	5,3	3,0	1,7
2018	64,1	20,1	7,6	4,5	2,5	1,3	61,0	20,3	8,4	5,4	3,0	1,7
2019	64,1	20,2	7,6	4,5	2,4	1,3	61,1	20,4	8,3	5,4	3,0	1,7


(1) Calculado sobre o total de empresas que teñen algunha perso a asalariada.

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

No que se refire á taxa de demografía empresarial en Galicia, obsérvase que en 2018 diminúe a taxa de nacementos de empresas con independencia do tamaño considerado. A taxa de mortalidade presenta un comportamento menos homoxéneo, reducíndose no caso das pequenas empresas e microempresas e aumentando para as de maior tamaño. Como consecuencia da combinación de ambas as taxas, aumenta a taxa neta

de microempresas e pequenas empresas (0,69 % e 0,34 %) e diminúe nas de tamaño mediano (0,66 %) e grande (0,93 %).

Gráfico 2.10



Fonte: IGE.

A continuación, pasamos aos datos da Estatística de sociedades mercantís do INE, que reflicten a demografía das sociedades do Estado completando a información do número de sociedades creadas e disoltas coas operacións de modificación de capital. Esta información ofrécese mensualmente desagregada por comunidades autónomas e provincias. Os datos base proceden do Rexistro Mercantil Central, que centraliza toda a información provincial sobre sociedades e empresarios e os actos mercantís determinados por Lei.

O número de sociedades mercantís creadas na comunidade galega (cadro 2.11) pasa de superar as 4.000 en 2018 a 3.771, unha diminución do 6,31 % moi superior a producida na media estatal e que ven unirse ás caídas no rexistro de sociedades producidas nos últimos anos (con excepción do período 2015-2016). Pola contra, as sociedades disoltas en 2019 aumentan en relación coas disoltas en 2018. Neste caso, o aumento na taxa de disolución en Galicia é inferior á producida en ámbito estatal.

Cadro 2.11

Sociedades mercantís creadas e disoltas. Galicia/España. 2014-2019

		Creadas	% variación anual	Disoltas	% variación anual
2014	Galicia	4.266	-0,21	1.529	-21,10
	España	94.158	0,80	21.874	-11,90
2015	Galicia	3.968	-6,99	1.512	-1,11
	España	94.644	0,52	20.758	-5,10
2016	Galicia	4.533	14,24	1.495	-1,12
	España	101.047	6,77	21.223	2,24
2017	Galicia	4.068	-10,26	1.431	-4,28
	España	94.370	-6,61	21.587	1,72
2018	Galicia	4.025	-1,06	1.440	0,63
	España	95.121	0,80	22.387	3,71
2019	Galicia	3.771	-6,31	1.479	2,71
	España	93.945	-1,24	23.297	4,06


Os datos son provisionais dende xuño de 2019.

Fonte: INE.

A evolución das taxas de variación na creación de sociedades amosa unha tendencia decrecente dende 2016, entrando en valores negativos tamén en contexto estatal neste último ano:

Gráfico 2.11

Sociedades mercantís creadas. Galicia/ España. 2008-2019




Fonte: INE.

Cando a análise se centra na taxa de variación da disolución de sociedades aparece a situación contraria, en tendencia crecente nos últimos anos. Os valores acadados en 2019 supoñen unha maior taxa interanual de disolución de sociedades mercantís na

comunidade galega, aínda que os valores seguen sendo inferiores aos do conxunto do Estado.

Gráfico 2.12

Sociedades mercantís disoltas. Galicia/ España. 2008-2019




Fonte: INE.

Os gráficos 2.13 e 2.14 permiten comparar os datos obtidos por Galicia en canto a evolución da creación (gráfico 2.13) e disolución de sociedades mercantís (gráfico 2.14) en 2019 cos datos rexistrados no resto das comunidades autónomas. Neste ano, a práctica totalidade de comunidades presenta inscricións de sociedades inferiores as producidas en 2018 -con excepción do País Vasco, Madrid, Castela e León, Cataluña e A Rioxa-, sendo Galicia a quinta comunidade con maior diminución. A evolución na disolución de sociedades está máis repartida entre as comunidades que rexistran unha disolución de sociedades en 2019 superior as disoltas en 2018 e aquelas que presentan unha disolución menor. A comunidade galega é a sexta entre as primeiras, cunha variación interanual na disolución de sociedades mercantís similar á producida en Madrid.

Gráfico 2.13


Taxa de variación anual creación de sociedades. 2017-2019



Fonte: INE.

Gráfico 2.14

Taxa de variación anual disolución de sociedades. 2017-2019



Fonte: INE.

A evolución conxunta deste indicador na última década (cadro 2.12) constata que a inscrición de sociedades mercantís na comunidade galega ven diminuíndo a un ritmo medio do 1,69 % anual, nunha evolución negativa que coloca a Galicia no marco de comportamento de Cantabria, Castela-A Mancha, Castela e León e Navarra. Pola súa banda, o incremento na disolución de sociedades é practicamente común a todas as comunidades autónomas, con excepción de Cataluña, Navarra e Estremadura.

Cadro 2.12

**Taxa de crecemento anual sociedades mercantís
consituídas e disoltas. 2009-2019**


	TCA Sociedades (2009-2019)	
	Constituídas	Disoltas
Andalucía	22,12	20,04
Aragón	3,80	26,11
Asturias	1,04	7,38
Baleares	40,33	59,56
Canarias	20,41	9,83
Cantabria	-4,18	24,24
Castela e León	-7,01	19,95
Castela-A Mancha	-0,15	167,69
Cataluña	24,14	-24,24
C. Valenciana	24,42	8,53
Estremadura	1,52	-6,88
Galicia	-1,69	30,42
Madrid	36,84	96,27
Murcia	3,11	65,34
Navarra	-16,76	-7,69
País Vasco	4,64	22,03
A Ríoxa	16,58	92,86

Os datos son provisionais dende xuño de 2019.
Fonte: INE.

A evolución das sociedades mercantís en 2019 non presenta cambios no relacionado coa distribución no contexto estatal, que segue altamente concentrado. Como se pode observar no gráfico 2.15, a maior parte dos movementos de creación e disolución de sociedades mercantís nos últimos anos prodúcense en Madrid, Cataluña, a Comunidade Valenciana e Andalucía. A evolución ao longo de 2019 non introduce cambios nesta clasificación, manténdose a comunidade galega no quinto lugar en ambas as clasificacións.

Gráfico 2.15

Promedio de creación e disolución de sociedades. 2009-2019




Fonte: INE.

Porén, Galicia continúa a perder peso relativo nestes movementos no conxunto do Estado, tanto no que se refire ás sociedades disoltas como nas constituídas.

Gráfico 2.16

% Sociedades galegas no total do Estado. 2008-2018



Fonte: INE.

O importe do capital subscrito para a constitución de sociedades mercantís en Galicia en 2019 reflicte un incremento significativo en 2019, acadando case 374 millóns de euros. Como se pode constatar no cadro 2.13a, mentres o número de sociedades descende no anteriormente referido 6,31 %, o capital total subscrito polas sociedades galegas aumenta en máis de cen millóns de €, un 38 % en relación co ano precedente. Este incremento é significativamente superior ao acadado no conxunto do Estado, un 7 %. O importe medio de capital subscrito polas sociedades galegas, como resultado, figura entre o máis alto das comunidades autónomas, superando os 99 mil € (cuarto valor máis alto en 2019). Este dato supón un incremento do capital medio subscrito en Galicia do 46,9 %, fronte ao 8 % de incremento medio estatal. Tan só as sociedades mercantís constituídas en 2019 na Comunidade Valenciana, A Rioxa e Navarra superan esta contía.

Cadro 2.13a

Capital subscrito polas sociedades mercantís Galicia /España. 2015-2019

	Nº de sociedades					Capital total subscrito				
	2015	2016	2017	2018	2019	2015	2016	2017	2018	2019
España	94.644	101.047	94.377	95.121	93.945	7.355.949	6.292.376	5.262.217	5.200.782	5.563.303
Andalucía	15.893	16.689	15.379	16.018	15.558	688.381	716.249	644.395	712.138	559.076
Aragón	2.002	2.526	2.037	2.016	1.913	76.679	168.490	90.340	84.826	161.767
Asturias	1.332	1.458	1.342	1.188	1.164	47.346	71.182	61.770	61.191	78.419
Baleares	3.108	3.589	3.497	3.293	3.010	344.965	498.911	168.543	239.546	167.593
Canarias	3.577	3.815	3.843	3.639	3.380	93.740	204.789	186.389	92.057	127.057
Cantabria	805	981	762	754	642	20.578	20.253	16.607	48.402	24.272
Castela e León	2.847	3.014	2.857	2.731	2.812	86.384	196.911	147.180	141.780	167.610
Castela-A Mancha	2.732	2.976	2.618	2.836	2.738	85.899	72.233	67.129	157.701	109.292
Cataluña	18.894	21.769	18.510	17.555	18.139	840.417	950.541	1.025.090	735.932	1.143.434
C. Valenciana	10.991	11.148	10.845	11.144	10.976	578.110	753.292	752.571	803.695	1.120.313
Estremadura	1.165	1.248	1.150	1.138	1.136	122.197	74.082	64.105	51.937	26.978
Galicia	3.968	4.533	4.066	4.025	3.771	368.693	204.576	317.054	271.507	373.793
Madrid	19.947	19.924	20.431	21.637	21.786	3.608.403	1.895.965	1.256.410	1.172.567	1.038.905
Murcia	2.796	2.776	2.641	2.603	2.422	173.613	183.137	119.999	99.688	103.522
Navarra	820	831	838	834	785	26.809	23.901	60.704	226.711	85.288
País Vasco	3.137	3.008	2.960	3.075	3.091	142.917	208.154	248.472	257.129	223.353
A Rioxa	448	571	408	405	443	49.228	46.905	33.231	40.036	47.001

Os datos son provisionais dende xuño de 2019.
Elaboración propia a partir de datos do INE.

As sociedades mercantís que amplían capital en Galicia redúcense lixeiramente en 2019, seis sociedades menos. En España tamén cae o número de sociedades que amplían capital, pero en maior proporción (2,4 %). Porén, o importe medio das ampliacións de capital na comunidade galega redúcese un 19,3 % en relación co importe medio das ampliacións en 2018.

Cadro 2.13b

Sociedades mercantís que amplían capital.

Galicia/España. 2015-2019

		Nº de sociedades	Capital total ampliado
2015	Galicia	1.520	893.100
	España	32.370	34.544.392
2016	Galicia	1.405	1.002.097
	España	31.507	32.908.240
2017	Galicia	1.321	721.357
	España	31.010	38.040.739
2018	Galicia	1.344	991.367
	España	31.241	26.425.252
2019	Galicia	1.338	796.013
	España	30.461	24.787.222


Os datos son provisionais dende xuño de 2019.

Elaboración propia a partir de datos do INE.

Como consecuencia, este ano aumenta a diferenza entre o importe medio de capital ampliado polas sociedades galegas en relación co ampliado na media estatal.

Gráfico 2.17

% Capital ampliado medio Galicia/España. 2015-2019



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

O cadro 2.14 amosa que a primeira das causas de disolución de sociedades en Galicia en 2019 é a voluntaria, ao igual que no conxunto do Estado. As sociedades disoltas por fusión en 2019 (9 % do total) aumentan en tres puntos porcentuais en relación coas que aduciron a dita causa en 2018, mentres que na media estatal as fusións pasan de ocupar o 14 % en 2018 ao 9 % en 2019.

Cadro 2.14

Sociedades mercantís disoltas. Galicia/España. 2014-2019

		Sociedades disoltas			
		Total	Voluntaria	Por fusión	Outras
2014	Galicia	1.528	1.132	86	310
	España	21.850	14.869	1.857	5.124
2015	Galicia	1.512	1.166	104	242
	España	20.758	14.602	1.931	4.225
2016	Galicia	1.495	1.206	87	202
	España	21.223	15.578	2.346	3.299
2017	Galicia	1.429	1.163	89	177
	España	21.563	16.620	2.265	2.678
2018	Galicia	1.440	1.180	82	178
	España	23.297	17.589	3.285	2.423
2019	Galicia	1.479	1.171	132	176
	España	22.387	17.115	2.471	2.801


Os datos son provisionais dende xuño de 2019.

Fonte: INE.

O índice de rotación (gráfico 2.18) permite contrastar a evolución das sociedades disoltas e constituídas, informando do número de sociedades constituídas por cada cen sociedades disoltas. O ano 2019 presenta unha notable caída, tanto na comunidade galega como en media estatal.

Gráfico 2.18

Índice de rotación. Galicia/ España 2015-2019



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

En Galicia disólvense 19 sociedades por cada 100 constituídas mentres que en España son 16 disoltas por cada 100 constituídos. Como resultante deste comportamento similar, a diferenza en relación coa media estatal redúcese. Igualmente, o valor

acadado en 2019 supón unha mellora do índice en relación con 2018, onde se rexistraba unha disolución de 30 sociedades por cada 100 sociedades constituídas na comunidade galega.

A información sobre a demografía empresarial en Galicia pode completarse coa análise dos datos proporcionados pola Estatística do procedemento concursal, que combina información recollida vía cuestionario dos Xulgados do Mercantil e dos Xulgados de 1ª Instancia, como tamén dos Xulgados de 1ª Instancia e Instrución con competencia mercantil. Estes datos informan trimestralmente do número de debedores concursados por existencia de proposta anticipada de convenio e do seu contido (quita, espera, quita e espera ou outra proposición). A diferenza do acontecido en anos anteriores, en 2019 prodúcese un incremento do número de debedores concursados en Galicia, comportamento similar ao reflectido en contexto estatal (cadro 2.15). A variación producida en Galicia é notablemente superior á producida no conxunto do Estado (14 % e 8 %, respectivamente).

Cadro 2.15

Debedores concursados. Galicia / España. 2008-2019

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Galicia	185	345	340	452	559	552	473	331	308	298	265	302
España	2.902	5.922	5.962	6.863	9.071	9.937	7.280	5.746	5.253	5.753	6.398	6.883

Os datos son provisionais dende o segundo trimestre de 2019.
Fonte: INE, Estatística do procedemento concursal.

A meirande parte destes procedementos son concursos voluntarios, ordinarios e afectan a empresas de responsabilidade limitada. Porén, cabe sinalar que en 2019 se duplican os concursos de natureza necesaria.

Cadro 2.16

Debedores concursados. Desagregación en distintas variables. Galicia. 2012-2019


	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Por natureza xurídica								
- Persoas físicas sen actividade empresarial	58	18	25	27	43	48	61	71
- Empresas	483	521	435	304	265	231	204	231
Persoas físicas	15	9	14	25	15	8	20	18
Sociedades anónimas	65	65	53	27	24	16	14	13
Sociedades limitadas	396	435	353	246	207	197	165	194
Outras	7	12	15	6	19	10	5	6
Por tipo de concurso								
- Por vontade	509	502	417	307	287	269	220	269
- Necesario	30	37	43	24	21	29	15	33
Por clase de procedemento								
- Ordinario	65	89	49	56	25	39	15	13

Datos provisionais dende o segundo trimestre de 2019.
Fonte: INE, Estatística do procedemento concursal.

O gráfico 2.19 permite observar o lixeiro aumento do número de concursos producido en 2019 e vinculado co maior número de procedementos concursais rexistrados en sociedades limitadas.

Gráfico 2.19

Tipoloxía de sociedades en concurso de acredores. Galicia. 2012-2019




Elaboración propia con datos do INE.

A descrición das empresas que se someteron a concurso de acredores en Galicia en 2019 representa, a grandes azos, a demografía xeral das empresas da comunidade autónoma. Así, o 64 % destes concursos teñen lugar en empresas das provincias da Coruña e Pontevedra, en correspondencia coa súa maior implantación empresarial (gráfico 2.20)

Gráfico 2.20

Sociedades en concurso de acredores por provincias. Galicia. 2019



Elaboración propia con datos do INE.

Igualmente, respondendo a esta demografía xeral empresarial de Galicia, a maioría teñen lugar en empresas de entre 1 e 9 persoas empregadas, cunha facturación inferior a dous millóns de euros anuais e en organizacións do sector servizos (cadro 2.17). O número de concursos redúcese nas empresas sen persoal asalariado e no sector de construción, dentro dun marco xeral de incremento.

Cadro 2.17

Empresas concursadas por tramos de persoal asalariado, volume de negocio e actividade económica principal. Galicia. 2015-2019

	2015	2016	2017	2018	2019
Total empresas	304	265	231	204	231
Por tramos de persoal asalariado					
- 0	45	38	42	34	24
- 1-9	159	145	126	108	136
- 10-49	65	53	38	42	47
- 50-99	7	3	6	3	4
- Máis de 100	4	5	0	5	4
- Sen clasificar	24	21	19	12	16
Por volume de negocio (*)					
- Menos de 2	223	208	170	151	166
- 2-5	21	9	16	10	16
- 5-10	6	3	8	7	7
- Máis de 10	3	6	5	4	4
- Sen clasificar	51	39	32	32	38
Por actividade económica principal					
- Agricultura e pesca	7	3	5	2	4
- Industria	39	37	38	34	45
- Enerxía	1	1	0	0	1
- Construción	75	49	56	44	33
- Servizos	158	154	113	112	132
-Sen clasificar	24	21	19	12	16

(*) En millón de euros.


Datos provisionais dende o segundo trimestre de 2019.

Fonte: INE, Estatística do procedemento concursal.

Como se anticipou, o sector servizos é obxecto do 57 % dos procedementos concursais en 2019, dous puntos porcentuais máis que o ano precedente. Porén, as empresas do sector de enerxía son as que reflicten un maior incremento no número de concursos en 2019 (33 % de variación interanual), mentres que as do sector da construción continúan no marco de descenso que caracteriza os últimos anos.

Gráfico 2.21

Sociedades en concurso de acredores por sector. Galicia. 2013-2019



Elaboración propia con datos do INE.

A idade das sociedades parece ter certa incidencia nos procedementos concursais. Así, tal e como figura no cadro 2.18, a maior incidencia en 2019 corresponde a empresas de máis de 20 anos de antigüidade. Porén, as empresas de menor idade (entre 0 e 4 anos) rexistran un aumento do 68 % dos procedementos concursais dende 2018.

Cadro 2.18

Nº procedementos concursais por idade das sociedades. Galicia. 2015-2019

	2015	2016	2017	2018	2019
De 0 a 4 anos	41	26	31	31	52
De 5 a 8 anos	40	57	26	37	40
De 9 a 12 anos	70	56	34	37	28
De 13 a 16 anos	47	31	39	25	34
De 17 a 19 anos	25	22	24	13	14
20 ou máis anos	76	66	66	57	61
Sen clasificar	5	7	11	4	2

(*) En millón de euros.

Datos provisionais dende o segundo trimestre de 2019.

Fonte: INE, Estatística do procedimemento concursal.

2.3. Análise de enquisas industriais

Este epígrafe completa a análise do tecido produtivo galego cos datos correspondentes aos tres sectores principais de actividade (industria, comercio e servizos) segundo os datos procedentes das respectiva enquisas estruturais elaboradas polo INE.

2.3.1. Estatística estrutural de empresas do sector industrial

Esta estatística, recollida polo Regulamento 295/2008 do Parlamento e do Consello da UE, ten como obxectivo coñecer as características estruturais e económicas das empresas do sector industrial como tamaño, datos económicos (ingresos e gastos), estrutura de emprego e investimento. Inclúe as industrias extractivas e manufacturas, as actividades de subministro de enerxía e auga e saneamento. A enquisa realízase con certo retardo, de xeito que os últimos datos publicados polo INE son de 2018 (con datos do sector industrial de 2017). Segundo estes datos, a cifra de negocios do sector en Galicia alcanza 43.263 millóns de €, un incremento dun 8,6 % sobre o ano anterior. A aportación da comunidade galega ao total do sector industrial en España é neste ano dun 6,58 %, unha décima máis que en 2017. Tamén mellora lixeiramente a súa participación no persoal ocupado no sector (6,37 % fronte ao 6,29 % do ano precedente). En canto a investimento en activos materiais, cae lixeiramente ata o 6,01 %. Neste caso, convén precisar que, pese a esta menor participación no total estatal, o investimento galega en 2018 é preto de 19 millóns de € superior a de 2017.

Cadro 2.19

Cifra de negocios no sector industrial por comunidades autónomas. 2018

	Cifra de negocios		Persoal ocupado		Inversión en activos materiais	
	Miles de €	% sobre total	Media anual	% sobre total	Miles de €	% sobre total
Andalucía	78.662.241	11,97	230.777	10,39	2.789.663	10,88
Aragón	30.719.920	4,67	96.453	4,34	1.484.157	5,79
Asturias	14.663.307	2,23	51.917	2,34	470.863	1,84
Baleares	4.905.885	0,75	26.468	1,19	196.747	0,77
Canarias	7.154.211	1,09	37.478	1,69	345.257	1,35
Cantabria	8.924.978	1,36	31.969	1,44	294.731	1,15
Castela e León	40.324.385	6,14	128.881	5,80	2.098.062	8,18
Castela-A Mancha	27.825.326	4,23	97.647	4,40	1.159.662	4,52
Cataluña	147.007.147	22,37	487.912	21,96	5.020.405	19,59
C. Valenciana	68.625.898	10,44	269.555	12,13	3.505.262	13,67
Extremadura	8.553.298	1,30	28.638	1,29	314.238	1,23
Galicia	43.263.400	6,58	141.442	6,37	1.540.774	6,01
Madrid	68.079.079	10,36	225.660	10,16	2.576.601	10,05
Murcia	22.926.617	3,49	77.870	3,51	668.579	2,61
Navarra	20.121.085	3,06	70.990	3,20	788.884	3,08
País Vasco	59.181.003	9,00	190.473	8,57	2.080.222	8,12
A Ríoxa	6.008.451	0,91	26.050	1,17	285.645	1,11
Ceuta	148.269	0,02	996	0,04	6.518	0,03
Melilla	124.453	0,02	452	0,02	7.284	0,03
Total	657.218.953	100,00	2.221.628	100,00	25.633.554	100,00

Elaboración propia con datos do INE, Enquisa estrutural de empresas do sector industrial.

Estes datos sitúan á comunidade galega como a sexta comunidade en aportación ao sector industrial nos tres parámetros considerados. De feito, a variación interanual na cifra de negocios e o persoal ocupado no sector industrial en Galicia é superior á

media estatal (8,6 % e 5,3 %, respectivamente, fronte a 6,5 % e 4 % en media estatal). O incremento en investimento en activos industriais, un 1,2 % superior ao de 2017, é seis puntos porcentuais inferior á media estatal (7,8 %). Neste punto, cómpre lembrar que Galicia viña dun ano onde presentaba a maior taxa de variación interanual de investimento en activos materiais (34,94%).

Como cabe agardar, a estrutura do sector industrial en España en canto a participación relativa de cada comunidade autónoma sitúase nun marco de estabilidade na última década.

Cadro 2.20

Distribución porcentual da cifra de negocios. Por comunidades autónomas. 2009-2018


	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Andalucía	10,6	11,2	11,8	12,7	12,5	12,2	11,3	11,4	12,2	12,0
Aragón	4,4	4,7	4,6	4,2	4,4	4,3	4,5	4,5	4,6	4,7
Asturias	2,5	2,5	2,3	2,4	2,4	2,4	2,3	2,2	2,2	2,2
Baleares	0,8	0,8	0,4	0,7	0,6	0,7	0,7	0,7	0,8	0,7
Canarias	1,5	1,4	1,1	1,6	1,4	1,2	1,1	1,0	1,1	1,1
Cantabria	1,4	1,4	1,5	1,4	1,3	1,4	1,4	1,4	1,4	1,4
Castela e León	6,5	6,3	6,7	6,4	6,3	6,2	6,4	6,6	6,3	6,1
Castela-A Mancha	4,7	4,4	4,7	5,0	4,8	4,4	4,0	3,9	4,2	4,2
Cataluña	23,5	24,0	23,6	22,2	22,4	22,3	22,7	22,8	22,5	22,4
C. Valenciana	9,6	9,8	10,3	9,4	9,7	10,1	10,6	10,6	10,6	10,4
Extremadura	1,1	1,1	0,9	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2	1,3	1,3
Galicia	6,7	6,3	6,5	6,0	6,5	6,3	6,3	6,3	6,5	6,6
Madrid	10,9	9,3	7,6	10,5	9,8	9,7	10,3	10,4	9,9	10,4
Murcia	2,7	2,9	3,0	3,5	3,7	3,8	3,5	3,3	3,4	3,5
Navarra	3,0	3,2	3,6	2,8	2,9	3,0	3,2	3,3	3,1	3,1
País Vasco	9,0	9,6	10,3	9,1	9,1	10,0	9,6	9,2	9,2	9,0
A Ríoxa	1,0	1,1	1,1	1,0	1,0	0,9	0,9	1,0	0,9	0,9
España	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector industrial.
A partir de 2016 inclúese un cambio de metodoloxía.

Os datos acadados respectivamente polas diferentes comunidades non introducen mudanzas nos grupos identificados en anos anteriores: en primeiro lugar aparece de forma destacada Cataluña, cunha aportación superior ao 20 %. A continuación, Andalucía, a Comunidade Valenciana, Madrid e o País Vasco, con participacións de entre o 9 % e o 12 % da cifra total de negocios. En terceiro lugar, Galicia e Castela e León, que aportan máis do 5 % da facturación do sector industrial. Finalmente, o grupo máis numeroso de comunidades autónomas, que participan con aportacións de entre o 1 e o 5 % da cifra de negocios total estatal.

Gráfico 2.22

Participación de cada comunidade autónoma na cifra de negocios do sector industrial. 2019




Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector industrial.

Esta relativa concentración preséntase de xeito estable na última década. O 65 % da facturación do sector industrial neste período repártese entre Cataluña, Andalucía, a Comunidade Valenciana, Madrid e o País Vasco.

Gráfico 2.23

Participación na cifra de negocios sector industrial por CC.AA. 2009-2018



Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector industrial.

Do mesmo xeito, as aportacións da comunidade galega no total de persoas ocupadas no sector industrial nos últimos anos presentan un comportamento estable (cadro

2.21). Como se pode observar, os datos de 2018 supoñen unha leve mellora nestas participacións.

Cadro 2.21

Evolución da porcentaxe de Galicia no Estado nas principais variables da industria. 2001-2018

	Persoas ocupadas	Cifra de negocios		Persoas ocupadas	Cifra de negocios
2001	6,0	5,8	2010	6,8	6,7
2002	6,2	6,2	2011	6,9	6,7
2003	6,2	6,1	2012	6,7	6,0
2004	6,1	6,0	2013	6,8	6,5
2005	6,3	6,0	2014	6,6	6,3
2006	6,5	6,2	2015	6,4	6,3
2007	6,7	6,6	2016	6,4	6,3
2008	6,9	6,7	2017	6,3	6,5
2009	6,9	6,7	2018	6,4	6,6

Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector industrial.
A partir de 2016 inclúese un cambio de metodoloxía.

2.3.2. Estatística estrutural de empresas do sector comercio

De xeito similar ao anteriormente comentado para o sector industrial, a Estatística estrutural para o sector comercio permite facer unha análise centrada no sector comercial. Os últimos datos dispoñibles datan, tamén, de 2018. O cadro 2.22 resume os principais indicadores estruturais do sector para o dito ano de referencia:

Cadro 2.22

Cifra de negocios no sector comercial por comunidades autónomas. 2018

	España	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela e León	Castela-A Mancha
Locais (núm.)	878.482	161.256	22.659	17.845	20.427	40.947	9.661	43.805	37.135
Cifra negocios	812.075.483	97.605.052	19.887.588	10.650.459	15.364.461	28.718.275	6.737.989	32.489.881	23.558.265
Soldos e salarios	56.738.197	7.071.875	1.494.633	957.229	1.305.416	2.275.715	541.633	2.064.353	1.591.842
Investimento en activos materiais	11.465.220	1.525.970	363.464	161.142	270.387	605.485	96.989	528.841	326.877
Persoal ocupado	3.150.947	503.639	83.547	61.059	76.594	155.869	33.586	134.034	107.456
	Cataluña	Valencia	Extremadura	Galicia	Madrid	Murcia	Navarra	País Vasco	A Ríoxa
Locais (núm.)	148.705	101.400	22.477	54.155	109.402	28.858	11.093	38.546	6.134
Cifra negocios	157.356.475	74.519.268	10.758.493	47.102.380	208.173.182	24.201.608	10.358.462	38.528.790	4.198.781
Soldos e salarios	12.722.605	6.133.341	708.093	2.816.021	11.615.505	1.703.341	680.066	2.619.549	319.598
Investimento en activos materiais	2.172.793	1.461.100	190.761	647.280	1.961.666	390.933	165.005	487.622	60.190
Persoal ocupado	581.148	371.687	59.555	173.820	486.934	118.893	38.495	136.497	19.063

Elaboración propia con datos do INE, Enquisa estrutural de empresas do sector comercial.

O sector comercial en Galicia acadou en 2018 unha facturación superior aos 47 mil millóns de €, unha mellora do 4,8 % sobre a acadada en 2017. Igualmente, en 2018 melloran os soldos e salarios no sector nun 7,4 %. Porén, o número de locais redúcese en 4.619 (preto dun 8 %), e o investimento en activos materiais nun 2,8 %. O sector emprega a 665 persoas menos en 2018 en relación coas empregadas en 2017, unha leve redución porcentual do 0,4 %.

A achega de cada comunidade autónoma está, como no caso do sector industrial, relativamente concentrada entre Madrid, Cataluña, Andalucía, e Valencia. En 2018 a

comunidade galega aporta o 6,16 % dos locais comerciais, contribúe cun 5,80 % á cifra de negocios, soporta o 4,96 % dos soldos e salarios do sector, emprega ao 5,64 % do persoal empregado e realiza o 5,65 % dos investimentos materiais no sector comercial. Estas participacións reflicten lixeiras perdas de participación da comunidade galega en todas as variables, agás nos soldos e salarios do sector, que melloran en 6 centésimas.

Cadro 2.23

Variación interanual no sector comercial por comunidades autónomas. 2017-2018

	España	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela e León	Castela-A Mancha
Locais (núm.)	-3,39%	-2,25%	-4,61%	-4,19%	-5,20%	-2,34%	-6,15%	-3,42%	-2,82%
Cifra negocios	5,99%	4,88%	6,97%	2,12%	4,42%	4,12%	2,61%	4,73%	7,06%
Soldos e salarios	6,45%	7,04%	1,31%	0,75%	5,98%	6,03%	-0,23%	5,86%	7,65%
Investimento en activos materiais	2,03%	-0,71%	27,50%	4,55%	-4,13%	-9,74%	0,36%	11,19%	-8,51%
Persoal ocupado	0,09%	0,95%	-4,31%	-4,24%	-0,55%	1,07%	-5,34%	-2,08%	-1,38%
	Cataluña	Valencia	Extremadura	Galicia	Madrid	Murcia	Navarra	P Vasco	A Ríoxa
Locais (núm.)	-3,49%	-2,99%	0,32%	-7,86%	-3,16%	-2,72%	-3,68%	-3,99%	-3,07%
Cifra negocios	6,48%	3,21%	1,34%	4,82%	10,44%	2,50%	5,78%	-1,22%	12,79%
Soldos e salarios	9,38%	6,11%	3,66%	7,40%	5,13%	8,32%	5,88%	2,63%	12,54%
Investimento en activos materiais	2,31%	33,20%	-1,97%	-2,77%	-11,02%	-15,96%	22,29%	26,61%	-19,59%
Persoal ocupado	1,81%	-1,03%	-1,33%	-0,38%	0,59%	1,92%	0,34%	-1,10%	3,68%

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector comercial.

Como constata o cadro 2.23, a redución no número de locais comerciais en Galicia en 2018 duplica a redución media estatal. Igualmente, prodúcense caídas superiores no volume de facturación, o investimento en activos materiais, e no número de persoas empregadas. Porén, os soldos e salarios en Galicia aumentan en maior proporción que no marco estatal.

No cadro 2.24 preséntase a desagregación da produción comercializada galega en 2018. De igual forma que en anos anteriores, a maior aportación corresponde co comercio por xunto e intermediarios do comercio (excepto de vehículos de motor e motocicletas), cunha achega lixeiramente superior ao 63 % da cifra de negocios total. Neste mesmo apartado atópase o maior investimento en activos materiais (54,5 % do total). O comercio polo miúdo, con preto dun 29 % da facturación total do sector, acumula o 62 % dos locais comerciais. Do mesmo xeito, é o subsector que conta con maior número de persoas ocupadas, un 57,5 % do total de persoas ocupadas no sector comercial en Galicia.

Capítulo 2. Estrutura empresarial e política industrial

Cadro 2.24

Valor da produción comercializada, por grandes agrupacións. Galicia. 2018

		Número de loais	Cifra de negocios negocios	inversión en activos materiais	Persoal ocupado ocupado
45	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	5.736	3.814.241	54.985	20.727
451	Venda de vehículos de motor	1134	2.358.627	23.085	6.439
452	Mantemento e reparación de vehículos de motor	3.588	779.243	14.669	10.430
453	Comercio de repostos e accesorios de vehículos de motor	829	629.039	15.997	3.503
454	Venda, mantemento e reparación de motocicletas e os seus repostos e accesorios	186	47.351	1.234	376
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas	15.058	29.701.671	352.570	53.228
461	Intermediarios do comercio	3.336	231.513	6.432	4.260
462	Comercio por xunto de materias primas agrarias e de animais vivos	952	813.378	7.449	2.470
463	Comercio por xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	3.467	9.578.303	71.549	16.537
464	Comercio por xunto de artigos de uso doméstico	2.420	10.895.204	161.884	10.239
465	Comercio por xunto de equipos para as tecnoloxías da información e das comunicacións	377	443.310	15.502	1.687
466	Comercio por xunto de outra maquinaria, equipos e subministracións	1.412	1.354.047	18.393	6.127
467	Outro comercio por xunto especializado	2.931	6.330.967	70.247	11.661
469	Comercio por xunto non especializado	185	49.949	1.114	247
47	Comercio polo miúdo, excepto de vehículos de motor e motocicletas	33.360	13.586.468	239.725	99.864
471	Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	3.520	5.330.075	80.051	31.325
472	Comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados	5.826	10.12.968	5.288	11.037
473	Comercio polo miúdo de combustible para a automoción en establecementos especializados	655	1.343.350	32.762	3.756
474	Comercio por xunto de equipos para as tecnoloxías da información e das comunicacións en establecementos especializados	888	279.400	3.515	2.357
475	Comercio por xunto de outros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	5.131	12.99.945	21.253	10.953
476	Comercio por xunto de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	2.068	425.483	6.325	4.431
477	Comercio por xunto de outros artigos en establecementos especializados	11.394	3.487.783	78.223	30.716
478	Comercio por xunto en postos de venda e en "mercadillos"	2.965	116.767	1.575	3.359
479	Comercio por xunto non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en "mercadillos"	913	290.697	10.736	1.931

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector comercial.

2.3.3. Estatística estrutural de empresas do sector servizos

A terceira das enquisas estruturais céntrase no sector servizos e inclúe actividades variadas, sendo as principais ramas recollidas transporte e almacenamento, hostalaría, información e comunicacións, actividades científico-técnicas, administrativas, de entretemento, reparacións e outras actividades englobadas no sector terciario ou de servizos. Os últimos datos dispoñibles a nivel autonómico son de 2018. En correspondencia cos resultados previamente comentados, as aportacións do sector servizos están concentradas en Cataluña, Madrid, Andalucía e Valencia. Galicia acada a súa maior achega en canto ao número de locais destinados a servizos (5,32 % dos totais), seguido polo persoal ocupado no sector 4,63 %. No que atinxe á cifra de negocios, supón unha achega do 3,56 % do total estatal; soporta o 3,77 % dos soldos e salarios do sector en España e achega o 3,40 % do investimento en activos materiais. Estes datos de 2018 son semellantes aos de participación do ano 2017, sendo este o sector de maior estabilidade dos tres comentados.

Cadro 2.25

Cifra de negocios no sector servizos por comunidades autónomas. 2018


	España	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela e León	Castela-A Mancha
Locais (núm.)	1.456.011	219.125	37.151	30.458	47.761	71.054	16.271	62.178	45.298
Cifra negocios	497.431.033	45.293.059	9.675.872	6.071.324	23.283.407	22.324.034	3.479.115	12.537.598	9.066.761
Soldos e salarios	109.158.905	11.495.990	2.418.756	1.585.551	3.872.237	4.946.236	907.472	3.254.588	2.092.149
Investimento en activos materiais	33.583.503	3.325.942	654.087	319.602	1.736.888	1.714.571	218.498	1.189.773	612.466
Persoal ocupado	5.931.106	800.080	147.380	106.216	198.775	310.346	59.701	228.896	152.900
	Cataluña	Valencia	Extremadura	Galicia	Madrid	Murcia	Navarra	País Vasco	A Rioxa
Locais (núm.)	285.233	150.594	23.956	77.454	264.640	36.022	17.822	58.946	8.856
Cifra negocios	97.655.557	35.838.096	3.543.554	17.718.926	173.948.270	8.723.970	4.594.502	21.330.582	1.708.028
Soldos e salarios	22.943.348	8.221.157	880.236	4.112.102	33.037.661	2.030.283	1.218.034	5.541.836	426.664
Investimento en activos materiais	5.928.052	2.632.686	334.537	1.141.034	11.508.182	591.785	242.177	1.249.268	164.932
Persoal ocupado	1.150.110	540.955	76.030	274.345	1.358.813	144.704	66.778	272.937	29.799

Elaboración propia con datos de INE, Estadística estructural de empresas del sector servicios.

O gráfico 2.24 reflicte as variacións interanuais reflectidas nos diferentes parámetros de análise entre 2017 e 2018, en Galicia e España.

Gráfico 2.24

Variacións sector servizos España/Galicia. 2017-2018



Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estadística estrutural de empresas do sector servizos.

As variacións producidas na comunidade galega entre 2017 e 2018 presentan unha mellora da cifra de negocios, persoal ocupado e soldos e salarios superior á producida en media estatal. No caso oposto, o incremento do investimento en activos materiais non chega á dita media, e a redución en locais destinados a servizos é superior en Galicia. No que atinxe ao resto das comunidades autónomas, todas reflicten unha mellora de resultados na cifra de negocios, permanecendo constante a aportación de cada unha delas á cifra total de negocios do sector. A comunidade galega, cunha mellora do 8,71 %, experimenta o sexto mellor resultado. Igualmente, todas as comunidades autónomas reflicten unha mellora no número de persoas ocupadas no sector servizos, situándose as respectiva achegas ao total estatal no mesmo marco de estabilidade.

Cadro 2.26

Variación na cifra de negocios e persoal ocupado no sector servizos. Por CC.AA. 2017-2018

	Cifra negocios				Persoal ocupado			
	2017		2018		2017		2018	
	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
España	460.601.957	100%	497.431.033	100%	5.623.910	100%	5.931.106	100%
Andalucía	40.632.223	8,82%	45.293.059	9,11%	751.054	13,35%	800.080	13,49%
Aragón	8.774.804	1,91%	9.675.872	1,95%	138.139	2,46%	147.380	2,48%
Asturias	5.742.512	1,25%	6.071.324	1,22%	101.692	1,81%	106.216	1,79%
Baleares	21.669.194	4,70%	23.283.407	4,68%	190.333	3,38%	198.775	3,35%
Canarias	20.902.185	4,54%	22.324.034	4,49%	299.811	5,33%	310.346	5,23%
Cantabria	3.242.485	0,70%	3.479.115	0,70%	58.593	1,04%	59.701	1,01%
Castela e León	11.981.711	2,60%	12.537.598	2,52%	220.582	3,92%	228.896	3,86%
Castela-A Mancha	8.263.554	1,79%	9.066.761	1,82%	144.163	2,56%	152.900	2,58%
Cataluña	90.280.295	19,60%	97.655.557	19,63%	1.088.878	19,36%	1.150.110	19,39%
Valencia	32.577.737	7,07%	35.838.096	7,20%	515.273	9,16%	540.955	9,12%
Extremadura	3.292.400	0,71%	3.543.554	0,71%	72.822	1,29%	76.030	1,28%
Galicia	16.299.020	4%	17.718.926	4%	259.649	5%	274.345	5%
Madrid	162.294.764	35,24%	173.948.270	34,97%	1.277.932	22,72%	1.358.813	22,91%
Murcia	7.855.156	1,71%	8.723.970	1,75%	138.712	2,47%	144.704	2,44%
Navarra	4.258.694	0,92%	4.594.502	0,92%	63.086	1,12%	66.778	1,13%
País Vasco	20.298.898	4,41%	21.330.582	4,29%	261.088	4,64%	272.937	4,60%
A Rioxa	1.577.673	0,34%	1.708.028	0,34%	29.509	0,52%	29.799	0,50%

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector servizos.

De xeito semellante a anos anteriores, o subsector de transporte e almacenamento presenta as achegas máis importantes á cifra total de negocios e investimento en activos materiais ao longo de 2018. A diferenza do que acontece en contexto estatal, en Galicia tamén supón a maior participación en soldos e salarios. Os locais destinados a actividades profesionais científicas e técnicas, pola súa banda, inclúen o maior número de locais. Por outra banda, a participación relativa do transporte e almacenamento en Galicia é lixeiramente superior á que ten en media estatal.

Cadro 2.27

Cifra de negocios no sector servizos. Grupos principais. 2018

	Total	Transporte e almacenamento	Hostalaría	Información com unicacións	Actividades Inmobiliarias	Profesionais científicas e técnicas	Administrativas e de servizos auxiliares
España	1.456.011	217.686	320.749	77.935	187.566	436.428	185.755
Número de locais	497.431.033	117.149.105	77.335.241	89.861.820	31.440.442	98.302.520	80.732.963
Cifra de negocios	109.158.905	20.562.845	19.221.520	17.345.909	3.896.606	24.969.211	22.585.694
Soldos e salarios	33.583.503	9.286.084	4.121.974	4.299.935	7.994.550	2.954.654	4.879.344
Investimento en activos materiais	5.931.106	918.424	1.527.972	514.853	276.281	1.133.321	1.507.259
Persoal ocupado							
Galicia	77.454	12.682	21.091	3.154	7.188	22.342	9.050
Número de locais	17.718.926	6.134.618	3.012.051	2.337.839	664.917	3.153.083	2.324.899
Cifra de negocios	4.112.102	1.047.844	723.790	487.650	74.577	868.825	889.635
Soldos e salarios	1.141.034	375.906	129.085	128.777	254.431	126.383	124.209
Investimento en activos materiais	274.345	51.670	76.405	17.469	9.438	51.398	65.297
Persoal ocupado							

Fonte: INE, Enquisa estrutural do sector servizos.

A continuación, preséntanse os datos principais en relación co sector do turismo en Galicia, sector de especial importancia nesta comunidade. Para a elaboración destes indicadores pártese dunha serie de enquisas mensuais que realiza o INE: a Enquisa de ocupación hoteleira; a Enquisa de ocupación en cámpings; a de ocupación en

apartamentos turísticos e a Enquisa de ocupación en aloxamentos de turismo rural. Destas enquisas extráese o obxecto de estudo, os establecementos turísticos de Galicia (hoteles, cámpings, apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural), que publica anualmente o IGE. Os últimos datos dispoñibles son de 2019.

Como se pode comprobar no cadro 2.28, o número de establecementos hoteleiros e de turismo rural rexistrados en Galicia en 2019 segundo datos estimados do IGE redúcese en 32, 30 deles en caso de turismo rural. En conxunto, en 2019 hai en Galicia 65.537 prazas dispoñibles, un incremento de 209 sobre as que había en 2018. Porén, este incremento relaciónase co aumento de prazas hoteleiras en xeral, posto que as existentes en establecementos de turismo rural diminúen. Como se comproba na táboa, os establecementos de turismo rural continúan en tendencia decrecente, aínda que seguen aportando o 24 % do total de establecementos para o turismo en Galicia e o 8,85 % das prazas.

No que se refire á participación de cada provincia no turismo, a provincia da Coruña achega o maior número de establecementos totais (38 %) e número de prazas (39 %), seguida por Pontevedra (28 % e 34 %, respectivamente). En canto a evolución sobre o ano pasado, repártense os movementos de contracción e aumento entre as catro provincias: na coruñesa e ourensá diminúen o número de establecementos hoteleiros, que aumentan en Lugo e Pontevedra; e os de turismo rural diminúen en todas as provincias salvo na ourensá.

Cadro 2.28

Establecementos hoteleiros e de turismo rural estimados. 2012-2019

		Establecementos hoteleiros		Establecementos de turismo rural	
		Establecementos	Prazas	Establecementos	Prazas
GALICIA	2015	1.497	61.454	497	6.238
	2016	1.512	61.616	495	6.257
	2017	1.497	61.398	472	5.968
	2018	1.418	59.247	479	6.082
	2019	1.416	59.735	450	5.802
A CORUÑA	2015	630	25.179	147	1.806
	2016	627	25.220	145	1.777
	2017	629	25.284	138	1.673
	2018	597	24.459	139	1.724
	2019	575	24.275	126	1.610
LUGO	2015	300	9.580	123	1.603
	2016	294	9.193	132	1.736
	2017	300	9.136	130	1.731
	2018	275	8.562	127	1.677
	2019	283	8.858	118	1.538
OURENSE	2015	181	6.030	70	927
	2016	187	6.251	69	899
	2017	174	6.043	69	879
	2018	169	5.956	72	950
	2019	165	5.959	74	950
PONTEVEDRA	2015	387	20.665	156	1.903
	2016	404	20.953	149	1.846
	2017	394	20.935	135	1.685
	2018	377	20.270	140	1.732
	2019	394	20.644	133	1.705


Datos en medias anuais

Fonte: INE, Enquisa de ocupación hoteleira e Enquisa de ocupación de aloxamentos de turismo rural.

O nivel de concentración que presentan os establecementos e prazas nas provincias da Coruña e Pontevedra (66 % destes e o 73 % das prazas totais) amosa diferencias se se presentan por separado os datos dos establecementos hoteleiros e os de turismo rural, que están máis dispersos entre as catro provincias. Con todo, a provincia de Ourense é a que conta con menor número de establecementos e prazas en ambos os subsectores.

Gráfico 2.25

Distribución de establecimientos e prazas por provincias. 2019



Fonte: IGE.

O comportamento decrecente da oferta previamente comentado é común nas catro provincias galegas no ano 2019. No sector hoteleiro, A Coruña e Lugo aumentan lixeiramente o número de establecementos, aínda que no caso da provincia lucense diminúe o número de prazas ofertadas. No relacionado co turismo rural, tan só Ourense mantén o número de establecementos, e a oferta de prazas descende nas catro provincias galegas.

Canto aos principais destinos turísticos, o cadro 2.29 presenta a evolución dende 2011:

Cadro 2.29

Destinos turísticos en Galicia. 2011-2019 (noites)


	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
A Coruña e As Mariñas	1.148.095	1.084.510	1.140.541	1.124.959	1.180.999	1.226.618	1.348.705	1.336.614	1.427.044
Ancares - Courel	86.819	67.981	59.525	82.668	99.616	73.295	95.166	71.008	81.392
Celanova - Limia	61.699	45.709	58.190	55.398	58.279	63.261	60.316	65.894	68.482
Costa da Morte	190.844	247.193	204.780	315.746	318.506	333.874	385.843	297.574	322.473
Deza - Tabeirós	131.266	106.075	94.434	69.494	87.019	102.693	132.757	121.286	121.600
Ferrolterra	381.377	349.593	360.569	358.860	389.915	409.176	416.648	432.062	427.049
Lugo e a Terra Chá	493.454	447.883	485.130	482.825	519.388	566.865	567.721	556.381	640.208
Manzaneda - Trevinca	57.218	52.655	49.426	65.098	66.736	82.447	70.345	78.779	75.624
Mariña Lucense	290.278	277.153	298.590	310.305	354.905	381.855	405.094	410.224	448.591
O Ribeiro	111.063	77.304	72.348	83.274	103.370	121.524	126.634	120.021	130.549
Ría de Arousa	1.697.138	1.540.807	1.529.381	1.635.697	1.793.622	1.971.593	2.189.999	2.025.978	2.079.856
Ría de Muros e Noia	96.409	86.568	94.269	96.176	97.623	123.520	117.926	128.068	140.991
Ría de Vigo e Baixo Miño	1.143.118	1.033.361	1.009.989	1.045.233	1.164.987	1.438.765	1.517.408	1.552.168	1.624.824
Ría e Terras de Pontevedra	604.362	575.655	556.740	498.968	528.427	563.100	621.892	634.581	718.397
Ribeira Sacra	222.830	196.836	217.547	266.734	293.233	331.259	330.943	319.501	310.042
Terras de Ourense e Allariz	277.141	272.518	261.769	271.527	296.440	324.404	328.980	334.145	377.842
Terras de Santiago	1.501.797	1.431.453	1.485.335	1.658.823	1.794.456	1.888.868	1.881.072	1.744.279	1.886.017
Verín - Viana	43.763	53.447	70.567	64.772	58.059	61.596	71.087	67.310	55.442

Elaboración IGE a partir de datos INE, Enquisa de ocupación hoteleira e Enquisa de ocupación de aloxamentos de turismo rural.

En 2019, a capacidade de atracción de cada un destes destinos é irregular. Así, os que máis aumentan son Lugo e a Terra Chá (15,1 %), Ancares-Courel (14,6 %), Ría e Terras de Pontevedra (13,2 %) e Terras de Ourense e Allariz (13,1 %). Pola contra, prodúcese un descenso do número de visitantes en Verín-Viana (17,6 % de diminución), Manzaneda Trevinca (4 % de caída), a Ribeira Sacra (3 %) e Ferrolterra (1,2 %). O resto de destinos reflicte lixeiras melloras no número de visitantes.

Neste ano, a Ría de Arousa e Terras de Santiago seguen a ser o principal foco receptor de turismo, un 36,26 % do total de visitantes. Este dato obtido en 2019 supón unha mellora do 5,18 % entre 2018 e 2019. A meirande parte destes visitantes proceden de fóra de Galicia (cadro 2.29), circunstancia común a todas as áreas turísticas con excepción de Manzaneda/Trevinca, que presenta a situación máis equilibrada en canto a orixe dos turistas.

Gráfico 2.26




Fonte: IGE.

Despois das reducións producidas en 2018, no ano 2019 detéctase un incremento do número total de viaxeiros e noites de estancia en Galicia, particularmente no caso de turistas procedentes do estranxeiro. En concreto, o incremento producido entre estes turistas máis que duplica o producido en caso de turistas de orixe nacional (10,3 % e 4,3 % respectivamente).

Gráfico 2.27

Turismo nacional e estranxeiro en Galicia. 2015-2019



Fonte: IGE.

O cadro 2.30 informa da evolución das noites dos turistas en función do tipo de aloxamento turístico elixido para a estancia:

Cadro 2.30

Viaxeiros/as e noites en establecementos por procedencia

		España		Estranxeiro	
		Viaxeiros/as	Noites	Viaxeiros/as	Noites
2015	Hoteleiros	2.928.461	5.868.297	1.157.728	1.816.405
	Campamentos turísticos	172.560	702.039	58.810	132.484
	Apartamentos turísticos	70.343	279.616	15.081	44.509
	Turismo rural	147.478	289.095	45.850	73.140
2016	Hoteleiros	3.104.208	6.321.254	1.221.242	1.930.627
	Campamentos turísticos	196.913	794.999	75.597	168.640
	Apartamentos turísticos	101.119	367.540	24.445	66.387
	Turismo rural	153.520	317.509	60.145	110.033
2017	Hoteleiros	3.196.479	6.703.144	1.299.176	2.104.782
	Campamentos turísticos	191.432	767.609	73.262	162.951
	Apartamentos turísticos	109.091	389.047	34.684	91.966
	Turismo rural	159.163	340.059	57.355	108.981
2018	Hoteleiros	3.067.816	6.502.470	1.138.863	1.991.480
	Campamentos turísticos	187.607	766.248	73.273	177.320
	Apartamentos turísticos	105.354	373.029	27.341	67.209
	Turismo rural	156.000	311.386	63.285	106.726
2019	Hoteleiros	3.208.122	6.806.778	1.261.446	2.203.919
	Campamentos turísticos	192.765	817.492	78.329	182.595
	Apartamentos turísticos	120.337	441.192	26.076	70.110
	Turismo rural	148.154	297.002	70.938	111.213


Fonte: INE, Enquisa de ocupación hoteleira. Enquisa de ocupación en aloxamentos de turismo rural.

Como se pode observar nos datos anteriores, os turistas presentan preferencia polos establecementos hoteleiros, mentres que os apartamentos turísticos son a opción menos demandada. Porén, estes son os que presentan un maior crecemento en 2019 entre os turistas nacionais, cun incremento do 14,2 % do número de viaxeiros e un 18,3 % das noites de estancia. Neste turismo de orixe nacional o número de visitantes que opta por establecementos de turismo rural presentan unha caída do 5 % de visitantes. Esta é precisamente a opción que máis medra entre os visitantes de orixe estranxeiro (12,1 %).

O número medio de noites por viaxeiro aumenta en 2018 (último dato dispoñible) no caso de turistas estranxeiros, permanecendo estable para o caso do turismo de orixe nacional.

Gráfico 2.28

Estancia media por orixe da persoa. 2015-2018



Fonte: IGE.

2.3.4. Indicadores conxunturais: Índice de cifra de negocios, da produción e de prezos

O Índice da cifra de negocios na industria (ICN) é un indicador conxuntural que ten como obxectivo a medición da evolución mensual da demanda das ramas industriais, excluindo a construción. A información de base é unha enquisa mensual de máis de 12.000 establecementos industriais distribuídos por todo o territorio estatal.

Tomando como referencia o dito índice, o cadro 2.31 amosa a evolución recente deste valor para as diferentes CC.AA. En 2019 Galicia continúa en valores de evolución positiva, pero cun valor notablemente inferior ao rexistrado o ano precedente. Con todo, cabe salientar que entre 2018 e 2019 a evolución é negativa en gran parte das

comunidades, e a comunidade galega acada un mellor resultado que a media estatal. Igualmente, na evolución conxunta dende 2016 a evolución do índice de negocios da industria na comunidade galega está sete puntos porcentuais por encima da media conxunta do Estado.

Cadro 2.31

Índice de negocios na industria. Por comunidades autónomas. 2016-2019

	Índice				Variación			
	2016	2017	2018	2019	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2016-2019
Andalucía	97,9	108,4	113,1	111,6	10,72%	4,36%	-1,39%	13,95%
Aragón	100,9	108,1	112,9	115,2	7,13%	4,50%	2,03%	14,23%
Asturias	95,8	108,1	115,3	113,8	12,81%	6,69%	-1,31%	18,77%
Baleares	103,7	106,3	103,5	105,7	2,53%	-2,66%	2,15%	1,94%
Canarias	97,7	103,1	101,4	101,6	5,54%	-1,68%	0,27%	4,04%
Cantabria	96,2	107,2	112,7	110,4	11,34%	5,20%	-2,10%	14,67%
Castela e León	108,2	109,4	109,1	102,7	1,03%	-0,21%	-5,92%	-5,15%
Castela-A Mancha	98,2	105,9	112,2	114,9	7,89%	5,91%	2,41%	17,03%
Cataluña	101,1	108,0	111,6	112,4	6,76%	3,35%	0,74%	11,15%
C. Valenciana	100,5	106,9	112,1	112,8	6,36%	4,90%	0,59%	12,23%
Extremadura	102,2	113,3	121,0	119,0	10,83%	6,81%	-1,66%	16,41%
Galicia	100,3	111,5	119,0	119,8	11,22%	6,67%	0,71%	19,48%
Madrid	100,6	105,2	107,6	109,9	4,57%	2,29%	2,12%	9,23%
Murcia	98,6	117,3	132,3	134,6	18,99%	12,77%	1,76%	36,55%
Navarra	99,9	102,8	113,9	122,1	2,91%	10,82%	7,20%	22,26%
País Vasco	100,4	109,8	116,2	115,5	9,37%	5,84%	-0,63%	15,03%
A Rioxa	98,0	101,2	100,5	103,2	3,30%	-0,64%	2,62%	5,33%
España	100,5	108,2	113,2	113,6	7,60%	4,60%	0,36%	12,95%


En porcentaxe anual (media anual).

Fonte: INE, Índice de cifra de negocios na industria.

O gráfico 2.29 reflicte as variacións interanuais do índice, desagregadas por CCAA.

Gráfico 2.29

Variación do ICN por comunidades autónomas. 2018-2019



Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector servizos.

En todos os casos, as variacións do ano 2019 son menores que as do bienio precedente, o que ven reforzar a idea de desaceleración comentada nos primeiros apartados deste capítulo.

Pola súa banda, o Índice de produción industrial (IPI) é tamén un indicador conxuntural, que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais (sen incluír a construción). Mide a evolución conxunta da cantidade e calidade, eliminando a influencia dos prezos. Para iso, realiza unha enquisa a 11.500 establecementos industriais e inclúe máis de 1.100 produtos. O cadro 2.32 recolle os valores acadados neste indicador nas diferentes comunidades autónomas en 2019.

Cadro 2.32

Variación do Índice xeral de produción industrial^(*). Por comunidades autónomas. 2016-2019

	Variación anual				Media anual			
	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2016/2019	2016	2017	2018	2019
Andalucía	5,00%	-2,92%	0,91%	2,87%	99,8	104,8	101,7	102,6
Aragón	5,99%	1,04%	0,74%	7,88%	99,3	105,2	106,3	107,1
Asturias	11,73%	2,35%	-4,21%	9,53%	94,0	105,0	107,5	102,9
Baleares	0,38%	-4,07%	-6,33%	-9,81%	100,9	101,3	97,1	91,0
Canarias	-0,26%	-0,37%	-1,71%	-2,33%	98,7	98,4	98,0	96,4
Cantabria	6,94%	7,14%	-2,28%	11,97%	100,7	107,7	115,4	112,7
Castela e León	-4,49%	1,04%	-0,92%	-4,38%	102,2	97,6	98,6	97,7
Castela-A Mancha	1,77%	-0,08%	3,31%	5,05%	99,1	100,9	100,8	104,1
Cataluña	3,72%	0,79%	-1,21%	3,27%	103,1	106,9	107,7	106,4
C. Valenciana	0,91%	1,00%	1,33%	3,28%	103,1	104,0	105,1	106,4
Extremadura	4,46%	0,95%	-2,17%	3,17%	98,1	102,5	103,5	101,2
Galicia	1,79%	4,90%	-3,81%	2,72%	102,3	104,1	109,2	105,1
Madrid	0,40%	1,95%	2,30%	4,71%	104,0	104,5	106,5	108,9
Murcia	12,14%	-0,71%	7,55%	19,75%	97,1	108,9	108,1	116,3
Navarra	1,22%	0,37%	9,83%	11,58%	101,8	103,1	103,5	113,6
País Vasco	4,37%	0,35%	2,35%	7,21%	101,1	105,6	105,9	108,4
A Ríoxa	-0,35%	-5,50%	1,80%	-4,14%	95,6	95,3	90,0	91,7
España	2,85%	0,75%	0,66%	4,31%	101,6	104,5	105,2	105,9


(*) En media anual.

Fonte: INE, Índice de produción industrial (IPI).

Este índice presenta unha maior variabilidade que o previamente comentado. A diferenza do acontecido en 2018, a variación é negativa para a comunidade galega en 2019, se ben non absorbe todo o efecto de mellora do ano anterior (gráfico 2.30).

Gráfico 2.30

Variación do IPI por comunidades autónomas. 2017-2019



Fonte: Elaboración propia con datos do INE, índice de produción industrial (IPI)

Para rematar este epígrafe, ofrécese unha análise máis detallada da estrutura do IPI para Galicia e a media do Estado. Atendendo a estes datos, o valor do índice na comunidade galega é superior á media estatal en bens de consumo, bens de consumo duradeiro e non duradeiro e bens intermedios. Pola contra, o valor é menor en bens de equipo e, especialmente, enerxía.

Cadro 2.33

Estrutura IPI. Galicia/España. 2016-2019


	2016		2017		2018		2019	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Bens de consumo	101,4	108,0	102,1	111,3	102,0	112,3	103,5	119,0
Bens de consumo duradeiro	101,4	154,2	106,6	159,5	104,6	131,3	103,4	136,0
Bens de consumo non duradeiro	101,4	105,5	101,8	108,7	101,8	111,3	103,5	118,1
Bens de equipo	103,6	89,9	107,4	96,4	110,3	98,2	113,1	103,5
Bens intermedios	101,9	108,5	106,8	114,6	108,6	121,0	107,8	117,1
Enerxía	99,3	103,5	101,1	95,5	99,4	106,2	99,0	83,0

Fonte: INE, Índice de produción industrial (IPI)

Estas diferencias non son exclusivas deste ano 2019, se ben se detecta unha certa tendencia á converxencia dos valores entre Galicia e España.

Gráfico 2.31

Variación do IPI España/Galicia. 2017-2019



Fonte: Elaboración propia con datos do INE, índice de produción industrial (IPI)


2.4. Investigación científica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación (I + D + I)

Nesta parte do informe analízase a evolución do gasto en investigación científica, tanto dende unha perspectiva xeral (estatal) como centrada en Galicia e comparada. A nosa referencia son os datos da Estatística sobre as actividades en investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D), que ten como obxectivo principal a medición dos recursos económicos e humanos destinados a investigación por todos os sectores económicos (empresas, administracións, ensino superior e institucións privadas sen ánimo de lucro). A enquisa realízase con carácter anual entre 45.000 empresas, máis de 500 centros da Administración pública, máis de 80 universidades e 121 institucións sen fins de lucro. Os últimos datos dispoñibles son de 2018.

O gasto interno en persoal empregado en actividades de investigación e desenvolvemento (I+D) en España en 2018 superou os 225,5 millóns de €, un incremento do 4,6 % sobre o ano anterior. As empresas continúan a ser neste ano o principal sector de execución (46,29 %), seguidas polos centros de ensino superior (35,59 %), e as Administracións públicas, que achegan o 17,87 % do gasto total en I+D en coincidencia coa achega do ano anterior. O resto, un 0,25 %, corresponde as institucións privadas sen fins de lucro (IPSFL).

A actividades de I+D empregaron a un total de 225.696 persoas en equivalencia a xornada entre persoal investigador, técnico e auxiliar, preto de 10.000 persoas máis que o ano anterior; un incremento do 4,63 %. Delas, o 38,79 % son investigadoras, o 39,26 % técnicas, e o 49,16 % mulleres en postos auxiliares. Tomando como indicador de referencia o gasto en partidas de persoal, en 2018 a maior partida corresponde a persoal investigador en centros de ensino superior, seguido do ocupado en empresas.

Gráfico 2.32



Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D

O cadro seguinte amosa a distribución do gasto interno total en I+D en 2018 e en persoal en equivalencia a xornada completa nese ano, desagregado por comunidades autónomas. A comunidade galega presenta unha mellora no gasto empregado en ambas as partidas, en relación co gasto producido no ano procedente. A mellora no gasto en persoal empregado en I+D na comunidade galega (3,6 %) é lixeiramente superior á variación rexistrada no gasto interno en I+D (3 %). Como se pode observar, as melloras son inferiores á media estatal e, como resultado, a contribución relativa de Galicia ao gasto interno total do Estado en I+D descende lixeiramente, medida sobre a participación do ano precedente (4 % do total fronte a 4,7 % para 2018 e 2017, respectivamente). Porén, no que se refire ao gasto en persoal empregado en actividades de I+D, Galicia avanza dende un 4,1 % do total en 2017 ata o máis recente 4,7 %.

Cadro 2.34

Gastos internos e persoal en I+D. Por comunidades autónomas. 2018

	Gastos internos			Persoal en equivalencia a xornada completa		
	Total (Miles de euros)	%	Taxa de variación 2018-2017	Total	%	Taxa de variación 2018-2017
Andalucía	1.479.417	9,9	4,0	24.732	11,0	1,2
Aragón	339.741	2,3	8,7	6.124	2,7	6,6
Asturias	188.453	1,3	3,3	3.331	1,5	2,0
Baleares	128.558	0,9	13,6	2.685	1,2	21,9
Canarias	214.965	1,4	-2,4	3.606	1,6	7,3
Cantabria	117.858	0,8	8,1	1.847	0,8	7,2
Castela e León	762.659	5,1	11,7	9.976	4,4	5,3
Castela-A Mancha	219.039	1,5	-4,1	3.166	1,4	1,1
Cataluña	3.512.716	23,5	7,3	51.830	23,0	6,8
C. Valenciana	1.174.248	7,9	8,7	19.306	8,6	0,9
Extremadura	121.950	0,8	7,0	2.192	1,0	7,4
Galicia	590.727	4,0	3,5	10.631	4,7	3,6
Madrid	3.922.792	26,2	6,2	54.222	24,0	5,0
Murcia	303.097	2,0	8,2	6.149	2,7	2,4
Navarra	344.439	2,3	0,6	4.942	2,2	2,3
País Vasco	1.451.319	9,7	7,5	19.571	8,7	6,0
A Rioxa	69.507	0,5	-6,3	1.286	0,6	-8,4
España	14.945.692	100	6,4	225.696	100	4,6

Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D.


Galicia dedicou en 2018 preto de 591 millóns de € a I+D en 2018, o que ven representar un 0,94 % do PIB neste ano; un incremento do 3,3 % sobre o investimento do ano anterior que non iguala o incremento medio estatal, como se anticipou. Con este gasto, unicamente cinco comunidades rexistran unha variación interanual menor que a comunidade galega (Asturias e Navarra; Canarias, Castela-A Mancha e A Rioxa, estas tres últimas con taxas de variación interanual negativas). Os datos en relación co persoal ocupado en actividades de I+D son máis positivos, tan só un punto por debaixo da media estatal e no punto medio en relación coas taxas de variación das comunidades autónomas neste concepto.

A orde de comunidades con maior participación no gasto total en I+D do Estado non varía, encabezada por Madrid (26,2%) e Cataluña (23,5%) nunha participación similar á do ano precedente. O 4 % de participación da comunidade galega en 2018 sitúaa no sétimo lugar entre as comunidades, perdendo unha posición en relación coa acadada en 2017. Tamén perde un posto na clasificación de participación relativa no persoal total ocupado en actividades de I+D en España (4,7%), acadando a sexta posición. En correspondencia, pasa a ser a oitava comunidade autónoma en gasto en I+D en proporción ao seu PIB, por debaixo da media do Estado (1,20%). Cabe sinalar que

Castela e León incorpórase ao grupo de comunidades situadas sobre esta media de investimento estatal, que continúa liderada polo País Vasco, cun 1,96% do seu PIB.

Gráfico 2.33

Gasto en I+D (% sobre PIB) por comunidades autónomas. 2018




Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D.

Pese a esta evolución non demasiado positiva, a participación do gasto en I+D en Galicia no total de España en 2018 continúa a tendencia crecente iniciada entre 2012 e 2013. A participación rexistrada en 2018 sitúa a comunidade galega na súa maior participación dende 2008.

Gráfico 2.34

Galicia. Gasto en I+D (% sobre PIB). 2000- 2018



Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D.

O cadro 2.35 presenta a distribución do gasto en I+D por sector de execución, desagregado por comunidades autónomas. Na liña da distribución media no conxunto do Estado, en 2018 o sector empresarial galego é o que inviste máis fondos, un

50,1 % do total que queda lixeiramente por debaixo da media do Estado, onde o 56,5 % do total do gasto interno en I+D orixínase nestas organizacións. Pola contra, o 35,1 % son gastos procedentes dos centros de ensino superior, unha participación superior á que teñen no marco estatal (26,4 %). Os investimentos da Administración pública (14,4 % e 16,8 % para Galicia e España, respectivamente) e das IPSFL son similares, supoñendo un 0,4 % do gasto realizado en Galicia e un 0,3 % en España. Os case 20 millóns de € adicionais que se destinan a I+D en Galicia en 2018 repártense case na súa totalidade entre o esforzo inversor das institucións de ensino superior (55 %) e as empresas (45 %), mentres que as Administracións públicas reducen en algo máis de 469 millóns o seu gasto en I+D en relación co producido en 2017.

Cadro 2.35

Gastos internos totais en I+D. Por comunidades autónomas e sector de execución. 2018

	Total	% sobre PIB	Empresas	Admón. pública	Enseño superior	IPSFL ⁽¹⁾
Andalucía	1.479.417	0,92	549.298	282.779	644.585	2.755
Aragón	339.741	0,90	189.379	73.613	76.725	24
Asturias	188.453	0,80	113.363	23.794	51.222	74
Baleares	128.558	0,41	43.802	33.950	50.522	285
Canarias	214.965	0,47	43.146	77.460	94.183	176
Cantabria	117.858	0,85	46.700	19.348	49.170	2.640
Castela e León	762.659	1,30	499.868	50.746	211.731	315
Castela-A Mancha	219.039	0,52	129.542	30.155	(...)	(...)
Cataluña	3.512.716	1,52	2.146.070	617.632	732.526	16.487
C. Valenciana	1.174.248	1,05	535.262	127.795	509.692	1.500
Extremadura	121.950	0,63	30.449	26.678	(...)	(...)
Galicia	590.727	0,94	296.149	84.914	207.066	2.599
Madrid	3.922.792	1,71	2.305.794	887.682	719.440	9.877
Murcia	303.097	0,97	144.574	33.340	125.038	145
Navarra	344.439	1,68	233.160	32.432	(...)	(...)
País Vasco	1.451.319	1,96	1.104.332	95.922	249.791	1.275
A Ríoxa	69.507	0,83	33.163	16.990	19.308	46
España	14.945.692	1,24	8.445.362	2.515.228	3.946.201	38.901

(1) Institucións privadas sen ánimo de lucro.


(...) Dato protexido por segredo estatístico.

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

Tal e como amosa o gráfico 2.35, o sector servizos, acada a meirande parte do gasto en I+D, e emprega a máis persoal nestas actividades e, en particular, unha parte notablemente superior no persoal de investigación para sustentar a súa actividade.

Gráfico 2.35

Gasto en I+D por sectores industriais. Galicia. 2018



Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D

O cadro 2.36 permite analizar os principais destinos do gasto en I+D por sectores no conxunto do Estado. En 2018, no sector industrial destaca especialmente o gasto na industria farmacéutica, na de vehículos de motor e noutro material de transporte. No relacionado cos servizos, a maior partida de gasto correspóndese coas actividades profesionais, científicas e técnicas. En segundo lugar, aínda que coa metade de dotación, aparecen os servizos de información e comunicacións. Esta distribución preferente é exactamente a mesma que a referida en 2017.

Capítulo 2. Estructura empresarial e política industrial

Cadro 2.36

Gastos totais en I+D (por sector). España. 2018

	Gastos internos (miles de euros)		Persoal en I+D en EXC: total persoal		Persoal en I+D en EXC: persoal investigador	
	Total	%	Total	%	Total	%
TOTAL EMPRESAS	8.445.362	100%	104.474	100%	54.360	100%
1. AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA (CNAE 01, 02, 03)	94.408	1,12%	1.419	1,36%	349	0,64%
TOTAL INDUSTRIA	3.997.968	47,34%	43.156	41,31%	20.462	37,64%
2. Industrias extractivas e do petróleo (CNAE 05, 06, 07, 08, 09, 19)	99.020	1,17%	435	0,42%	267	0,49%
3. Alimentación, bebidas e tabaco (CNAE 10, 11, 12)	260.270	3,08%	3.435	3,29%	1.394	2,56%
4. Têxtil, confección, coiro e calzado (CNAE 13, 14, 15)	83.164	0,98%	1.125	1,08%	294	0,54%
5. Madeira, papel e artes gráficas (CNAE 16, 17, 18)	47.861	0,57%	697	0,67%	269	0,50%
6. Química (CNAE 20)	283.150	3,35%	3.986	3,81%	1.942	3,57%
7. Farmacia (CNAE 21)	754.968	8,94%	5.168	4,95%	2.483	4,57%
8. Caucho e plásticos (CNAE 22)	105.553	1,25%	1.407	1,35%	427	0,78%
9. Produtos minerais non metálicos diversos (CNAE 23)	53.002	0,63%	728	0,70%	298	0,55%
10. Metalurxia (CNAE 24)	80.743	0,96%	612	0,59%	305	0,56%
11. Manufacturas metálicas (CNAE 25)	141.379	1,67%	1.834	1,76%	815	1,50%
12. Produtos informáticos, electrónicos e ópticos (CNAE 26)	202.828	2,40%	3.386	3,24%	2.088	3,84%
13. Material e equipo eléctrico (CNAE 27)	187.345	2,22%	2.517	2,41%	1.256	2,31%
14. Outra maquinaria e equipo (CNAE 28)	273.973	3,24%	4.223	4,04%	1.908	3,51%
15. Vehículos de motor (CNAE 29)	521.579	6,18%	5.759	5,51%	2.418	4,45%
16. Outro material de transporte (CNAE 30)	660.972	7,83%	4.964	4,75%	2.794	5,14%
17. Mobles (CNAE 31)	10.621	0,13%	182	0,17%	59	0,11%
18. Outras actividades de fabricación (CNAE 32)	62.490	0,74%	935	0,89%	417	0,77%
19. Reparación e instalación de maquinaria e equipo (CNAE 33)	19.162	0,23%	333	0,32%	164	0,30%
20. Enerxía e augua (CNAE 35, 36)	121.004	1,43%	1.133	1,08%	713	1,31%
21. Saneamento, xestión de residuos e descontaminación (CNAE 37, 38, 39)	28.884	0,34%	299	0,29%	151	0,28%
22. Construción (CNAE 41, 42, 43)	93.798	1,11%	1.340	1,28%	637	1,17%
TOTAL SERVICIOS	4.259.188	50,43%	58.559	56,05%	32.913	60,55%
23. Comercio (CNAE 45, 46, 47)	317.401	3,76%	3.759	3,60%	1.946	3,58%
24. Transportes e almacenamento (CNAE 49, 50, 51, 52, 53)	74.426	0,88%	1.072	1,03%	253	0,47%
25. Hostalaría (CNAE 55, 56)	6.626	0,08%	92	0,09%	53	0,10%
26. Información e comunicacións (CNAE 58, 59, 60, 61, 62, 63)	986.981	11,69%	17.687	16,93%	8.952	16,47%
27. Actividades financeiras e de seguros (CNAE 64, 65, 66)	212.640	2,52%	1.966	1,88%	677	1,25%
28. Actividades inmobiliarias (CNAE 68)	11.574	0,14%	186	0,18%	39	0,07%
29. Actividades profesionais, científicas e técnicas (CNAE 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75)	2.477.187	29,33%	30.531	29,22%	19.323	35,55%
30. Actividades administrativas e servizos auxiliares (CNAE 77, 78, 79, 80, 81, 82)	52.180	0,62%	1.160	1,11%	357	0,66%
31. Actividades sanitarias e de servizos sociais (CNAE 86, 87, 88)	86.138	1,02%	1.554	1,49%	994	1,83%
32. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento (CNAE 90, 91, 92, 93)	11.352	0,13%	144	0,14%	76	0,14%
33. Outros servizos (CNAE 85-854, 94, 95, 96)	22.685	0,27%	409	0,39%	243	0,45%

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

Dos datos anteriores derívase o cadro 2.37, que permite comparar a participación do gasto interno en I+D de cada sector no PIB das distintas comunidades autónomas. Tal e como foi comentado previamente, o sector empresarial presenta a maior porcentaxe de gasto, un 56,51 % no conxunto do Estado, seguido do gasto executado polas institucións de ensino superior (26,40 %), as Administracións públicas (16,83 %) e, a moita distancia, polo gasto das IPSFL (0,26 %). A análise da execución do gasto na comunidade galega revela unha distribución similar, cun claro protagonismo das empresas (lixeramente inferior á da media estatal (50,13 %) e das institucións de ensino superior, cuxa participación no gasto supera en algo máis de nove puntos a realizada na media estatal. De igual xeito, a execución do gasto das IPSFL galegas é superior á producida no conxunto do Estado, mentres que o gasto executado por parte das Administracións públicas é dous puntos inferior a media española.

Cadro 2.37

Distribución porcentual dos gastos internos totais en I+D. Por comunidades autónomas e sector de execución. 2018

	Total	Empresas	Admón. pública	Ensino superior	IPSFL ⁽¹⁾
Andalucía	1.479.417	37,13	19,11	43,57	0,19
Aragón	339.741	55,74	21,67	22,58	0,01
Asturias	188.453	60,15	12,63	27,18	0,04
Baleares	128.558	34,07	26,41	39,30	0,22
Canarias	214.965	20,07	36,03	43,81	0,08
Cantabria	117.858	39,62	16,42	41,72	2,24
Castela e León	762.659	65,54	6,65	27,76	0,04
Castela-A Mancha	219.039	59,14	13,77	(...)	(...)
Cataluña	3.512.716	61,09	17,58	20,85	0,47
C. Valenciana	1.174.248	45,58	10,88	43,41	0,13
Extremadura	121.950	24,97	21,88	(...)	(...)
Galicia	590.727	50,13	14,37	35,05	0,44
Madrid	3.922.792	58,78	22,63	18,34	0,25
Murcia	303.097	47,70	11,00	41,25	0,05
Navarra	344.439	67,69	9,42	(...)	(...)
País Vasco	1.451.319	76,09	6,61	17,21	0,09
A Ríoxa	69.507	47,71	24,44	27,78	0,07
España	14.945.692	56,51	16,83	26,40	0,26

En miles de euros (agás a última columna, que está en porcentaxe)

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.

(...) Dato protexido por segredo estatístico.

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

No relacionado co gasto destinado a financiar a persoal en actividades de I+D en 2018, supón unha pequena parte do gasto interno total en actividades de I+D. A porcentaxe que se destina en Galicia a este gasto (1,8 %) sitúa á comunidade galega no grupo de comunidades que máis gasto destina a pagos de persoal, cunha participación tres décimas superior á media estatal.

Cadro 2.38

Gastos en persoal actividades en I+D.
Por comunidades autónomas e sector de execución. 2018

	GASTO INTERNO TOTAL	GASTO EN PERSONAL	Empresas	Admón. pública	Ensino superior	IPSFL ⁽¹⁾	% Personal s/gasto total
Andalucía	1.479.417	24.732	7.935	5.221	11.503	74	1,67%
Aragón	339.741	6.124	2.704	1.241	2.178	1	1,80%
Asturias	188.453	3.331	1.379	500	1.447	5	1,77%
Baleares	128.558	2.685	682	511	1.485	8	2,09%
Canarias	214.965	3.606	730	1.146	1.727	3	1,68%
Cantabria	117.858	1.847	653	388	756	50	1,57%
Castela e León	762.659	9.976	4.296	966	4.706	8	1,31%
Castela-A Mancha	219.039	2.011	1.498	513	(...)	..	n.d.
Cataluña	3.512.716	51.830	26.758	10.083	14.808	182	1,48%
C. Valenciana	1.174.248	19.306	8.043	2.204	9.050	9	1,64%
Estremadura	121.950	1.184	597	588	(...)	..	n.d.
Galicia	590.727	10.631	4.791	1.625	4.175	39	1,80%
Madrid	3.922.792	54.222	25.128	12.667	16.275	152	1,38%
Murcia	303.097	6.149	2.266	550	3.330	3	2,03%
Navarra	344.439	3.119	2.641	478	(...)	..	n.d.
País Vasco	1.451.319	19.571	13.843	1.375	4.337	15	1,35%
A Ríoxa	69.507	1.286	528	279	478	1	1,85%
España	14.945.692	225.696	104.474	40.332	80.318	572	1,51%

En miles de euros (agás a última columna, que está en porcentaxe)

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.

(...) Dato protexido por segredo estatístico.

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

A distribución do gasto de persoal por sectores de execución (cadro 2.39) é similar a comentada para o gasto interno total en actividades de I+D, cunha maior presenza do producido no persoal empregado polas empresas na media estatal. Porén, cabe sinalar que a dita distribución varía nas distintas comunidades autónomas. Así, mentres na comunidade galega son tamén as empresas as principais executoras de gasto para persoal, noutras (en Murcia, Canarias e Andalucía especialmente) este papel corresponde ás institucións de ensino superior.

Cadro 2.39

**Distribución do gasto en persoal actividades en I+D.
Por comunidades autónomas e sector de execución. 2018**

	Empresas	Admón. pública	Ensino superior	IPSFL ⁽¹⁾
Andalucía	32,1%	21,1%	46,5%	0,3%
Aragón	44,1%	20,3%	35,6%	0,0%
Asturias	41,4%	15,0%	43,4%	0,1%
Baleares	25,4%	19,0%	55,3%	0,3%
Canarias	20,3%	31,8%	47,9%	0,1%
Cantabria	35,4%	21,0%	40,9%	2,7%
Castela e León	43,1%	9,7%	47,2%	0,1%
Castela-A Mancha	74,5%	25,5%	(...)	(...)
Cataluña	51,6%	19,5%	28,6%	0,4%
C. Valenciana	41,7%	11,4%	46,9%	0,0%
Estremadura	50,4%	49,6%	(...)	(...)
Galicia	45,1%	15,3%	39,3%	0,4%
Madrid	46,3%	23,4%	30,0%	0,3%
Murcia	36,9%	8,9%	54,2%	0,1%
Navarra	84,7%	15,3%	(...)	(...)
País Vasco	70,7%	7,0%	22,2%	0,1%
A Ríoxa	41,1%	21,7%	37,2%	0,1%
España	46,3%	17,9%	35,6%	0,3%

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.

(...) Dato protexido por segredo estatístico.

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

Unha información de particular interese en relación co gasto de persoal en actividades de I+D é que parte destas persoas son persoal investigador. Esta información aparece no cadro 2.40, que permite constatar que as persoas en actividades de investigación supoñen a meirande porcentaxe de gasto de persoal. No mesmo cadro obsérvase que, salvo no caso de Cataluña e o País Vasco, en todas as comunidades autónomas as institucións de ensino superior son as principais empregadoras destas persoas dedicadas á investigación. Para o caso concreto da comunidade galega, estas institucións aportan o 46,3 % do gasto total en persoal investigador, unha porcentaxe lixeiramente superior á media estatal que se sitúa no 45,7 %.

Cadro 2.40

Gastos en persoal actividades en I+D.
Por comunidades autónomas e sector de execución. 2018

	GASTO EN PERSOAL	GASTO EN PERSOAL INVESTIGADOR	Empresas	Admón. pública	Ensino superior	IPSFL ⁽¹⁾	% Investigadores s/gasto total
Andalucía	24.732	14.347	3.505	2.330	8.500	12	58,01%
Aragón	6.124	4.049	1.337	684	2.028	1	66,11%
Asturias	3.331	2.300	807	223	1.267	4	69,04%
Baleares	2.685	1.902	268	355	1.274	6	70,84%
Canarias	3.606	2.487	362	615	1.508	3	68,99%
Cantabria	1.847	1.184	317	277	560	31	64,08%
Castela e León	9.976	6.436	2.086	487	3.857	6	64,51%
Castela-A Mancha	2.011	1.642	581	315	..	..	..
Cataluña	51.830	30.391	13.173	5.884	11.211	123	58,64%
C. Valenciana	19.306	12.159	4.057	1.291	6.803	9	62,98%
Extremadura	1.184	1.427	276	263	..	..	..
Galicia	10.631	6.530	2.617	859	3.020	34	61,4%
Madrid	54.222	34.016	14.019	6.253	13.663	81	62,74%
Murcia	6.149	4.052	883	296	2.871	2	65,90%
Navarra	3.119	3.077	1.213	338	..	..	..
País Vasco	19.571	13.201	8.649	778	3.763	12	67,45%
A Ríoxa	1.286	818	209	175	433	1	63,61%
España	225.696	140.120	54.360	21.422	64.007	331	62,1%

En miles de euros (agás a última columna, que está en porcentaxe)

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.

(..) Dato protexido por segredo estatístico.

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

A información dispoñible permite desagregar o gasto de persoal destinado a mulleres e homes (cadro 2.41). No conxunto estatal, as mulleres representan o 40 % do gasto total de persoal en actividades de I+D, e un pouco menos (38,8 %) no referente a persoal investigador. No ámbito da comunidade galega esta participación é lixeiramente superior, en particular no relacionado con actividades de investigación, case dous puntos por riba da media estatal

Cadro 2.41**% Mulleres en gastos en persoal actividades en I+D.****Por comunidades autónomas. 2018**

	Total Persoal	Total Investigadoras
Andalucía	40,6%	39,3%
Aragón	39,3%	40,8%
Asturias	43,3%	44,9%
Baleares	41,9%	44,6%
Canarias	41,1%	40,7%
Cantabria	41,6%	41,7%
Castela e León	41,3%	41,9%
Castela-A Mancha	39,1%	39,3%
Cataluña	40,5%	38,2%
C. Valenciana	40,8%	39,2%
Extremadura	40,4%	40,6%
Galicia	40,9%	40,4%
Madrid	39,8%	37,6%
Murcia	39,7%	38,7%
Navarra	39,1%	39,4%
País Vasco	36,2%	35,8%
A Ríoxa	43,8%	48,4%
España	40,0%	38,8%

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

O cadro 2.42, pola súa banda, identifica a porcentaxe de gasto total e en persoal investigador que vai destinado ás mulleres, segregando a información por sectores. As institucións de ensino superior, tal e como se avanzou previamente, son as que destinan maior porcentaxe de gasto a persoal feminino, tanto no montante total do dito gasto como no que se refire a persoal investigador. Nas partidas correspondentes á comunidade galega obsérvase que, se no caso do gasto en investigadoras as porcentaxes son similares á media estatal, para o caso de gasto total en persoal cobran protagonismo as institucións de ensino superior en detrimento dunha menor participación das empresas.

Cadro 2.42

%Total de Gasto persoal por sectores e comunidades autónomas (mulleres) 2018

	Total gasto persoal				Gasto investigadoras			
	Empresas	Admón. pública	Ensino superior	IPSFL ⁽¹⁾	Empresas	Admón. pública	Ensino superior	IPSFL ⁽¹⁾
Andalucía	23,1%	26,1%	50,7%	0,2%	18,2%	18,9%	62,8%	0,1%
Aragón	31,0%	25,3%	43,7%	0,0%	23,5%	18,4%	58,1%	0,0%
Asturias	30,2%	18,7%	51,0%	0,1%	25,5%	12,9%	61,5%	0,1%
Baleares	13,6%	25,6%	60,6%	0,2%	7,4%	23,1%	69,3%	0,2%
Canarias	17,4%	30,4%	52,0%	0,1%	16,1%	21,4%	62,3%	0,2%
Cantabria	26,7%	26,0%	44,6%	2,7%	18,7%	29,0%	48,5%	3,7%
Castela e León	29,9%	12,9%	57,1%	0,1%	22,4%	8,9%	68,7%	0,1%
Castela-A Mancha	38,7%	20,2%	..	..	29,2%	23,5%	..	..
Cataluña	41,8%	25,6%	32,2%	0,5%	36,4%	24,1%	39,0%	0,5%
C. Valenciana	32,4%	16,1%	51,4%	0,0%	26,3%	14,9%	58,8%	0,0%
Extremadura	21,5%	32,0%	..	..	17,1%	21,0%	..	..
Galicia	31,2%	23,7%	44,5%	0,6%	31,3%	18,8%	49,1%	0,8%
Madrid	38,7%	30,7%	30,1%	0,5%	35,8%	24,1%	39,8%	0,4%
Murcia	33,3%	10,0%	56,6%	0,0%	19,0%	8,1%	72,8%	0,1%
Navarra	40,3%	13,0%	..	..	29,2%	12,9%	..	..
País Vasco	59,3%	10,5%	30,1%	0,1%	55,6%	6,9%	37,3%	0,2%
A Ríoxa	29,1%	27,4%	43,5%	0,1%	19,2%	25,8%	54,9%	0,1%
España	36,5%	23,5%	39,7%	0,3%	31,5%	19,1%	49,1%	0,3%

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.

(..) Dato protexido por segredo estatístico.

Fonte: INE, Estadística sobre actividades en I+D.

As respectivas dotacións de gasto en I+D respecto do PIB nas distintas comunidades autónomas, inxerida nunha serie histórica (cadro 2.43), permite detectar una tendencia á estabilidade en relación cos anos precedentes coas pequenas diferencias previamente sinaladas.

Cadro 2.43

Evolución da porcentaxe de gastos respecto ao PIB a prezos de mercado. Por comunidades autónomas. 2000-2018

	2000	2001(*)	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009(**)	2010	2011	2012(***)	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Andalucía	0,65	0,60	0,60	0,85	0,76	0,84	0,89	1,02	1,03	1,11	1,22	1,16	1,05	1,07	1,05	1,01	0,91	0,91	0,92
Aragón	0,69	0,69	0,71	0,70	0,69	0,79	0,87	0,90	1,03	1,12	1,13	0,97	0,95	0,91	0,92	0,91	0,89	0,86	0,90
Asturias	0,82	0,69	0,62	0,67	0,65	0,70	0,88	0,93	0,97	1,01	1,06	0,97	0,90	0,89	0,83	0,75	0,75	0,80	0,80
Baleares	0,22	0,23	0,24	0,24	0,26	0,27	0,29	0,33	0,36	0,38	0,43	0,37	0,34	0,34	0,32	0,32	0,32	0,37	0,41
Canarias	0,47	0,54	0,58	0,52	0,58	0,58	0,65	0,64	0,63	0,60	0,63	0,60	0,52	0,51	0,48	0,49	0,47	0,50	0,47
Cantabria	0,46	0,57	0,53	0,45	0,44	0,45	0,79	0,88	1,01	1,17	1,24	1,11	1,02	0,94	0,85	0,85	0,84	0,83	0,85
C. León	0,64	0,82	0,80	0,86	0,93	0,89	0,97	1,10	1,27	1,15	1,11	1,04	1,14	1,02	1,02	1,00	1,10	1,20	1,30
C. A Mancha	0,56	0,34	0,43	0,42	0,41	0,41	0,47	0,60	0,72	0,63	0,69	0,70	0,60	0,55	0,54	0,54	0,56	0,57	0,52
Cataluña	1,06	1,10	1,19	1,27	1,33	1,35	1,42	1,48	1,62	1,70	1,66	1,60	1,51	1,53	1,49	1,51	1,45	1,46	1,52
C. Valenciana	0,71	0,74	0,77	0,83	0,89	0,98	0,95	0,95	1,05	1,11	1,08	1,05	1,03	1,05	1,04	1,00	1,00	1,00	1,05
Extremadura	0,54	0,59	0,59	0,52	0,41	0,68	0,72	0,74	0,86	0,90	0,88	0,85	0,75	0,77	0,69	0,67	0,58	0,61	0,63
Galicia	0,64	0,72	0,79	0,85	0,85	0,87	0,89	1,03	1,04	0,94	0,94	0,89	0,87	0,88	0,88	0,88	0,87	0,94	0,94
Madrid	1,58	1,67	1,76	1,69	1,64	1,81	1,96	1,92	2,02	2,05	2,06	2,00	1,73	1,78	1,70	1,70	1,65	1,68	1,71
Murcia	0,69	0,62	0,54	0,68	0,65	0,73	0,76	0,91	0,86	0,87	0,92	0,86	0,84	0,85	0,88	0,86	0,92	0,92	0,97
Navarra	0,87	1,16	1,05	1,34	1,80	1,68	1,91	1,88	1,94	2,19	2,04	2,12	1,95	1,81	1,76	1,63	1,62	1,73	1,68
País Vasco	1,16	1,36	1,29	1,39	1,51	1,48	1,58	1,87	1,98	2,13	2,03	2,15	2,23	2,12	2,04	1,92	1,90	1,89	1,96
A Ríoxa	0,57	0,62	0,54	0,63	0,66	0,66	1,04	1,16	1,01	1,08	1,06	1,02	0,89	0,82	0,93	0,90	0,85	0,91	0,83
España	0,91	0,95	0,99	1,05	1,06	1,12	1,20	1,27	1,35	1,39	1,40	1,36	1,27	1,28	1,24	1,22	1,19	1,21	1,24

Dende 2001(*) ata 2009 PIB pm base 2000.

Dende 2009 (**) ata 2012 PIB pm base 2008.

Dende 2012 (***) en adelante PIB pm base 2010.

Fonte: INE, Estadística de I+D.

A información incluída no cadro 2.44, pola súa banda, permite comparar a porcentaxe de gasto en I+D que se realiza nos diferentes países que integran a UE, así como outros países de Europa. Como se pode constatar, unicamente Alemaña, Austria, Dinamarca, e Suecia superan o obxectivo de investimento do 3 % do PIB fixado pola Estratexia Europa 2020 para un crecemento intelixente, sostible e integrador no marco

Europeo. España non chega á media da EU en ningún dos anos da serie analizada, e tampouco en 2018. Igualmente, o investimento da comunidade autónoma galega queda por debaixo deste obxectivo común.

Cadro 2.44

Porcentaxe de gasto en I+D sobre o PIB. Países OCDE Europa: 2007-2018


	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
EU (28 países)	1,83	1,93	1,92	1,96	2,00	2,01	2,02	2,03	2,04	2,08	2,12
Alemaña	2,62	2,74	2,73	2,81	2,88	2,84	2,88	2,93	2,94	3,07	3,13
Austria	2,57	2,60	2,73	2,67	2,91	2,95	3,08	3,05	3,12	3,05	3,17
Bélxica	1,94	2,00	2,06	2,17	2,28	2,33	2,37	2,43	2,52	2,66	2,76
Bulgaria	0,45	0,49	0,57	0,53	0,60	0,64	0,79	0,95	0,77	0,74	0,76
Chipre	0,39	0,44	0,44	0,45	0,44	0,49	0,51	0,48	0,52	0,55	0,55
Croacia	0,89	0,84	0,74	0,75	0,75	0,81	0,78	0,84	0,86	0,86	0,97
Dinamarca	2,77	3,06	2,92	2,94	2,98	2,97	2,91	3,06	3,09	3,05	3,03
Eslovaquia	0,46	0,47	0,61	0,66	0,80	0,82	0,88	1,16	0,79	0,89	0,84
Eslovenia	1,63	1,81	2,05	2,41	2,56	2,56	2,37	2,20	2,01	1,87	1,95
España	1,33	1,36	1,36	1,33	1,30	1,28	1,24	1,22	1,19	1,21	1,24
Estonia	1,25	1,39	1,57	2,28	2,11	1,71	1,42	1,46	1,25	1,28	1,40
Finlandia	3,54	3,73	3,71	3,62	3,40	3,27	3,15	2,87	2,72	2,73	2,75
Francia	2,06	2,21	2,18	2,19	2,23	2,24	2,23	2,27	2,22	2,21	2,20
Grecia	0,66	0,63	0,60	0,67	0,70	0,81	0,83	0,96	0,99	1,13	1,18
Hungría	0,98	1,13	1,14	1,19	1,26	1,39	1,35	1,35	1,19	1,33	1,53
Irlanda	1,39	1,61	1,59	1,56	1,56	1,57	1,52	1,18	1,17	1,24	1,15
Italia	1,16	1,22	1,22	1,20	1,26	1,30	1,34	1,34	1,37	1,37	1,39
Letonia	0,58	0,45	0,61	0,70	0,66	0,61	0,69	0,62	0,44	0,51	0,64
Lituania	0,79	0,83	0,79	0,91	0,90	0,95	1,03	1,04	0,84	0,90	0,94
Luxemburgo	1,62	1,68	1,50	1,46	1,27	1,30	1,27	1,30	1,30	1,27	1,21
Malta	0,53	0,52	0,61	0,67	0,83	0,77	0,71	0,74	0,57	0,58	0,57
Países Baixos	1,62	1,67	1,70	1,88	1,92	1,93	1,98	1,98	2,00	1,98	2,16
Polonia	0,60	0,66	0,72	0,75	0,88	0,87	0,94	1,00	0,96	1,03	1,21
Portugal	1,44	1,58	1,54	1,46	1,38	1,32	1,29	1,24	1,28	1,32	1,36
Reino Unido	1,61	1,67	1,65	1,65	1,58	1,62	1,64	1,65	1,66	1,68	1,70
República Checa	1,24	1,29	1,34	1,56	1,78	1,90	1,97	1,93	1,68	1,79	1,93
Rumanía	0,55	0,44	0,46	0,50	0,48	0,39	0,38	0,49	0,48	0,50	0,50
Suecia	3,49	3,41	3,17	3,19	3,24	3,27	3,11	3,23	3,25	3,37	3,32
Turquía	0,69	0,81	0,80	0,80	0,83	0,82	0,86	0,88	0,94	0,96	:
Islandia	2,49	2,60	:	2,41	:	1,70	1,95	2,20	2,13	2,10	2,04
Noruega	1,55	1,72	1,65	1,63	1,62	1,65	1,72	1,94	2,04	2,10	2,06
Rusia	0,97	1,16	1,05	1,01	1,03	1,03	1,07	1,10	:	1,11	0,99
Galicia	1,04	0,94	0,94	0,94	0,89	0,87	0,88	0,88	0,87	0,94	0,94
España	1,35	1,39	1,40	1,36	1,27	1,28	1,24	1,22	1,19	1,21	1,24

Fonte: IGE e Eurostat.

En base a esta información pódese constatar que as variacións interanuais dos fondos destinados a I+D en España e Galicia nos últimos anos parecen afástanse destes obxectivos (gráfico 2.36).

Gráfico 2.36

Evolución do gasto en I+D sobre PIB. Galicia/España. 2008-2018



Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D.

2.5. Innovación tecnolóxica nas empresas

A enquisa de innovación tecnolóxica nas empresas do INE permite coñecer a estratexia tecnolóxica das empresas e os factores que inflúen na súa capacidade para innovar e ademais proporciona o marco base para estudos posteriores, coma pode ser a utilización da tecnoloxía punta nos procesos de fabricación ou a análise dos fluxos de pagos e ingresos tecnolóxicos. Nesta enquisa avalíase a actividade das empresas que realizan algunha actividade innovadora (I+D, adquisición de tecnoloxía inmaterial software, gastos en deseño etc.). Cómpre sinalar que no ano 2018 prodúcese unha ruptura coa serie temporal anterior, debido á utilización do Manual de Oslo, polo que os datos non son comparables coa información previa.

O cadro 2.45 recolle os principais indicadores de I+D nas empresas con actividades innovadoras no ano 2017 (último dispoñible), clasificados por comunidades autónomas. Nese ano, a comunidade galega contaba cun total de 853 empresas innovadoras, un 5,71 % do total no conxunto do Estado. Con todo, Galicia é a sexta comunidade con maior número de empresas con actividades innovadoras. A intensidade de innovación do total de empresas galegas é inferior á media estatal, ao igual que a intensidade de innovación das empresas con actividades innovadoras. En relación con estes datos, a porcentaxe da cifra de negocios en produtos novos o mellorados é a metade da acadada en media estatal.

Cadro 2.45

Principais indicadores de I+D en empresas, por tipo de empresa⁽¹⁾ e comunidades autónomas. 2017

	Intensidade de innovación (1)				
	Empresas con actividades innovadoras en 2017	Do total de empresas	Das empresas con actividades innovadoras	Das empresas con actividades de I+D	% da cifra de negocios en produtos novos o mellorados
Andalucía	1.633	0,44	1,60	1,94	8,44
Aragón	518	0,78	2,02	2,35	15,89
Asturias	263	0,59	1,35	1,38	9,42
Baleares	205	0,21	0,97	3,29	11,19
Canarias	502	0,17	2,38	3,46	3,30
Cantabria	129	1,62	2,19	2,52	10,24
Castela e León	536	1,15	2,81	2,95	19,41
Castela-A Mancha	455	0,55	1,58	1,96	7,85
Cataluña	3.406	1,11	2,11	2,57	19,16
C. Valenciana	1.902	0,61	1,19	2,48	7,86
Extremadura	291	0,27	1,07	1,13	3,98
Galicia	853	0,69	1,38	2,02	7,37
Madrid	3.039	0,78	1,49	1,48	16,43
Murcia	577	0,43	1,14	1,34	14,12
Navarra	379	1,39	2,59	2,70	13,77
País Vasco	1.607	2,08	3,43	3,16	22,74
A Ríoxa	206	0,85	1,75	1,72	23,12
España	16.513	0,87	1,79	2,03	15,09

1) Intensidade de innovación=(Gasto actividades innovadoras/cifra de negocios)x100

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE)

No cómputo total do período 2016-2018 en Galicia rexístranse un total de 6373 empresas innovadoras, entre as cales destacan as de innovación xeral (23,6 %), as tecnolóxicas (22,2 %) e as de proceso (12,4 %), unha distribución similar á reflectida no conxunto do Estado (cadro 2.46).

Cadro 2.46

Empresas Innovadoras por comunidades autónomas e tipo de innovación. 2016-2018


Total Nacional	TOTAL	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela e León	Cataluña
Empresas innovadoras no período 2016-2018	31.505	3.830	917	482	605	1.206	281	1.154	6.767
- Empresas innovadoras tecnolóxicas	29.366	3.612	847	452	535	1.113	262	1.047	6.457
-- Empresas innovadoras de produto	15.377	1.774	445	257	240	445	153	618	3.638
-- Empresas innovadoras de proceso	24.463	3.095	680	338	443	977	200	881	5.405
- Empresas innovadoras non tecnolóxicas	14.381	1.810	375	191	304	556	129	468	3.101
-- Empresas innovadoras organizativas	10.245	1.337	267	131	234	452	99	372	2.073
-- Empresas innovadoras de comercialización	8.794	1.055	213	99	158	281	70	295	1.988
		C. Valenciana	Extremadura	Galicia	Madrid	Murcia	Navarra	País Vasco	A Ríoxa
Empresas innovadoras no período 2016-2018	3.738	452	1.506	5.645	1.051	506	2.076	253	
- Empresas innovadoras tecnolóxicas	3.451	417	1.414	5.193	977	457	1.929	227	
-- Empresas innovadoras de produto	1.728	199	793	2.512	478	228	1.268	106	
-- Empresas innovadoras de proceso	2.878	332	1.140	4.351	846	380	1.527	190	
- Empresas innovadoras non tecnolóxicas	1.587	177	668	2.819	433	209	991	97	
-- Empresas innovadoras organizativas	1.010	128	462	2.117	267	168	691	59	
-- Empresas innovadoras de comercialización	1.019	111	390	1.798	302	108	576	66	

Fonte: INE

A participación das empresas galegas no conxunto das empresas innovadoras do Estado é variable, atendendo ao tipo de innovación. Como se pode comprobar no gráfico 2.37, destacan especialmente as innovacións producidas no ámbito do produto.

Gráfico 2.37

Evolución do gasto en I+D sobre PIB. Galicia/España. 2008-2017



As empresas que declaran algún tipo de actividade innovadora en 2018 en Galicia son 1.218, un 5,4 % do total estatal. O gasto en innovación das empresas galegas, pola súa banda, supón un 4,3 % do total de gasto en innovación en España. Estes datos sitúan a Galicia como a sexta comunidade en aportación de empresas con gasto en innovación, e a sétima en maior gasto.

Cadro 2.47

Empresas e gasto en actividades innovadoras segundo onde se realiza o gasto (2018) (miles de €)


	Número de empresas con gasto en innovación	Gasto en innovación
Andalucía	2.595	1.004.904
Aragón	801	459.009
Asturias	469	184.966
Baleares	493	137.023
Canarias	762	177.641
Cantabria	271	105.665
Castela e León	952	873.052
Castela-A Mancha	886	349.282
Cataluña	5.647	4.958.187
C. Valenciana	2.742	1.169.374
Extremadura	320	70.999
Galicia	1.218	809.704
Madrid	3.949	5.846.002
Murcia	840	352.836
Navarra	552	408.128
País Vasco	1.944	1.704.186
A Ríoxa	226	74.278
España	22.742	18.688.949

Fonte: INE

O gasto en actividades para a innovación tecnolóxica en Galicia en 2018 acadou 809,7 millóns de euros. A partir da información do cadro 2.47 pódese inferir o gasto medio en innovación que realiza cada empresa (gráfico 2.38) que, como se observa, presenta alta variabilidade, rexistrándose en Galicia un valor superior aos 664 mil euros, un valor lixeiramente inferior á media estatal, que se sitúa preto de 822 mil euros por empresa.

Gráfico 2.38

Gasto medio en innovación das empresas (2018). Miles de €.



Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D.

Na comunidade galega destaca o número de empresas con actividades de I+D interna (537) e, entre elas, as que rexistran unha actividade de innovación continua.

Cadro 2.48

Empresas con actividades innovadoras en Galicia. 2018

	GALICIA
- Empresas con innovacións completadas de produto e/ou procesos de negocio	1.556
- Empresas con innovacións en curso a finais de 2018	530
- Empresas con innovacións abandonadas	155
- Empresas con actividades de I+D interna	537
-- Empresas con actividades de I+D interna continua	330
-- Empresas con actividades de I+D interna ocasional	207
- Empresas con actividades de compra de I+D (I+D externa)	185
- Empresas con innovacións completadas e/ou en curso e/ou abandonadas	21

Fonte: INE.

Por outra banda, no que se refire ao financiamento das actividades innovadoras, a porcentaxe de empresas que obteñen financiamento para actividades innovadoras mediante a emisión de accións é superior á media española. Porén, como se pode observar no cadro 2.49, a vía preferente de financiamento destas actividades en Galicia é a través de créditos ou emisión de débeda, aínda que nunha porcentaxe notablemente inferior á que supón esta vía de financiamento na media estatal.

Capítulo 2. Estructura empresarial e política industrial

Cadro 2.49

% Empresas con actividades innovadoras por tipo de financiamento privado. Galicia/España. 2018

	ESPAÑA	GALICIA
% de empresas que obtuvieron financiación mediante emisión de acciones (1)	0,50	0,69
% de empresas que usaron a emisión de acciones para actividades innovadoras (2)	30,04	32,31
% de empresas que obtuvieron financiación mediante créditos e/ou emisión de deuda (1)	10,77	11,41
% de empresas que usaron os créditos e/ou emisión de deuda para actividades innovadoras (2)	27,50	20,93
% de empresas con actividades innovadoras que obtuvieron financiación mediante emisión de acciones (3) (4)	1,20	1,84
% de empresas con actividades innovadoras que usaron a emisión de acciones para actividades innovadoras (3) (5)	55,47	56,79
% de empresas con actividades innovadoras que obtuvieron financiación mediante créditos e/ou emisión de deuda (3) (4)	21,17	23,06
% de empresas con actividades innovadoras que usaron os créditos e/ou emisión de deuda para actividades innovadoras (3) (5)	61,00	45,61

Notas:

(1) % sobre o total de empresas.

(2) % sobre as empresas que obtuvieron financiación dese tipo.

(3) Empresas con innovaciones completadas e/ou en curso e/ou abandonadas durante o período de estudo.

(4) % sobre o total de empresas con actividades innovadoras.

(5) % sobre o total de empresas con actividades innovadoras que obtuvieron financiación dese tipo.

Fonte: INE.

Igualmente importante é o papel das Administracións públicas e Institucións como alternativa de financiamento das actividades innovadoras. O cadro 2.50 resume esta información, proporcionando os datos sobre o número de empresas que obteñen financiamento dalgunha destas vías. Como se pode constatar, destaca o papel das administracións (moi notablemente, a do Estado) e o rol da UE como financiadora, tanto a título individual coma a través do programa Horizon.

Cadro 2.50

% Empresas con actividades innovadoras por tipo de financiación pública. Galicia/España. 2018

	ESPAÑA	GALICIA
% de empresas que obtuvieron financiación das Administracións locais ou autonómicas (6) (1)	7,28	9,14
% de empresas que usaron o financiamento das Administracións locais ou autonómicas para realizar actividades innovadoras (6) (2)	32,56	36,43
% de empresas que obtuvieron financiación da Administración do Estado (6) (1)	3,53	3,78
% de empresas que usaron o financiamento da Admón. do Estado para realizar actividades innovadoras (6) (2)	60,04	67,12
% de empresas que obtuvieron financiación do programa Horizon 2020 (1)	0,74	0,85
% de empresas que usaron o financiamento do programa Horizon 2020 para realizar actividades innovadoras (2)	89,37	92,94
% de empresas que obtuvieron financiación doutras institucións da UE (1)	1,78	2,40
% de empresas que usaron o financiamento doutras institucións da UE para realizar actividades innovadoras (2)	42,88	45,70
% de empresas con actividades innovadoras que obtuvieron financiación das Administracións locais ou autonómicas (6) (3) (1)	16,91	23,80
% de empresas con actividades innovadoras que usaron o financiamento financiación das Administracións locais ou autonómicas para realizar actividades innovadoras (6) (3) (2)	62,19	65,36
% de empresas con actividades innovadoras que obtuvieron financiación da Admón. do Estado (6) (3) (1)	11,72	15,25
% de empresas con actividades innovadoras que usaron o financiamento da Administración do Estado para realizar actividades innovadoras (6) (3) (2)	80,45	77,27
% de empresas con actividades innovadoras que obtuvieron financiación do programa Horizon 2020 (3) (1)	3,19	3,88
% de empresas con actividades innovadoras que usaron o financiamento do programa Horizon 2020 para realizar actividades innovadoras (3) (2)	92,17	94,80
% de empresas con actividades innovadoras que obtuvieron financiación doutras institucións da UE (3) (1)	4,87	8,28
% de empresas con actividades innovadoras que usaron o financiamento doutras institucións da UE para realizar actividades innovadoras (3) (2)	67,40	61,92

Notas:

(1) % sobre o total de empresas.

(2) % sobre as empresas que obtuvieron financiación dese tipo.

(3) Empresas con innovaciones completadas e/ou en curso e/ou abandonadas durante o período de estudo.

(4) % sobre o total de empresas con actividades innovadoras.

(5) % sobre o total de empresas con actividades innovadoras que obtuvieron financiación dese tipo.

(6) As organizacións do sector público inclúen as entidades públicas como as administracións central, autonómica e local e axencias, universidades, hospitais e outros provedores de servizos públicos.

Fonte: INE.

Os elevados custos da actividade innovadora parece ser o principal factor de dificultade na realización de actividades innovadoras, despois da existencia de outras prioridades de gasto ou investimento (cadro 2.51). A enumeración de factores que poden limitar a realización de actividades do eido da innovación é similar en Galicia e en contexto estatal.

Cadro 2.51
% Empresas por factores que dificultan a realización de actividades innovadoras. Galicia/España. 2018

	ESPAÑA	GALICIA
Falta de financiamento dentro da empresa ou grupo de empresas (1)	15,94	16,29
Falta de financiamento de fontes exteriores privadas (1)	13,76	13,50
Dificultades para obter axudas ou subvencións públicas (1)	19,25	18,92
Costes demasiado elevados (1)	25,68	24,71
Falta de persoal cualificado dentro da empresa (1)	14,53	15,14
Falta de socios para colaboración (1)	9,58	9,36
Falta de acceso a coñecementos externos (1)	11,32	12,90
Incertidume respecto á demanda no mercado das ideas da empresa (1)	18,05	17,76
Demasiada competencia no mercado (1)	19,11	16,87
Existen outras prioridades dentro da empresa (1)	41,55	43,56

(1) % de empresas, sobre o total de empresas, que consideran que os seguintes factores tiveron un grado de importancia elevado á hora de dificultar a decisión de iniciar ou a execución mesma das actividades innovadoras.

Fonte: INE.

Por outra banda, a procura de produtos e servizos de alta calidade parece ser o principal resultado buscado coas innovacións tanto en Galicia como en España, seguido da satisfacción de clientes establecidos. Polo tanto, a diferenciación en calidade e a mellora de posicionamento nun segmento de mercado parecen ser estratexias prioritarias para as empresas innovadoras galegas.

Cadro 2.52
% Empresas por tipo de estratexia máis importante. Galicia/España. 2018

	ESPAÑA	GALICIA
- As centradas en mellorar bens ou servizos existentes	34,19	34,47
- As centradas en introducir novos bens ou servizos	5,73	5,63
- As centradas en precios baixos (liderado de prezos)	15,13	15,24
- As centradas en calidade alta (liderado de calidade)	42,98	43,04
- As centradas nunha ampla gama de bens ou servizos	13,97	12,12
- As centradas nun ou nun número pequeno de bens ou servizos clave	11,35	11,85
- As centradas en satisfacer grupos de clientes establecidos	41,59	42,31
- As centradas en chegar a novos grupos de clientes	32,00	29,07
- As centradas en bens ou servizos estandarizados	13,17	12,64
- As centradas en solucións específicas para clientes	28,31	25,15

(1) % de empresas, sobre o total de empresas, que consideran que as estratexias tiveron un grado de importancia elevado no desempeño económico da empresa.

Fonte: INE.

Finalmente, a tecnoloxía preexistente na propia empresa parece ser opción prioritaria na elaboración de estratexias de innovación.

Cadro 2.53

% Empresas por tipo de tecnoloxía máis importante. Galicia/España. 2018

	ESPAÑA	GALICIA
% de empresas que compraron tecnoloxía xa usada pola empresa ou unha actualización	30,28	32,87
% de empresas que compraron tecnoloxía nova non utilizada previamente pola empresa	7,24	7,50

‡ % sobre o total de empresas.

Fonte: INE.